

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 21 de maio de 2007

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D. Carlos Comesaña Abalde
D. Antonio Coello Bufill
D. José Manuel Couto Pérez
D^a. Marta Iglesias Bueno

NON ASISTEN:

D^a. Lucia Molares Pérez
D^a. Soledad Polo Lima

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e quince minutos do día vinte e un de maio de dous mil sete e baixo a presidencia da Excma. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretario o concelleiro, Sr. López-Chaves Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Figueroa Dorrego.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(851).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión do 23 de abril de 2007. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa–presidenta.

2(852).- PADRÓN FISCAL EXACCIÓN S UNIFICADAS INDUSTRIAIS, ANO 2007. EXPTE. 35649/516.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co inform-proposta do xefe do Servizo de Admón.de Tributos, do 15.05.07, conformado pola directora de Ingresos, o interventor xeral e o primeiro tenente de alcalde, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o Padrón fiscal de Exaccións Unificadas de Industriais do ano 2007(taxa de lixo industrial e comercial e taxas por entradas de vehículos e reserva de aparcamento) por importe total de 6.480.107,49.- Euros (SEIS MILLÓNS CATROCENTOS OITENTA MIL CENTO SETE EUROS CON CORENTA E NOVE CÉNTIMOS) segundo relación nominal de suxeitos pasivos que comeza pola inscrición nº 35179 que figura a nome de JUAN COMESAÑA E HIJOS S.L. polo establecemento sito en CM ABAD E (CORUXO) Nº 4 e remata coa inscrición nº 1900 que figura a nome de RODRIGUEZ LABORDA PILAR polo establecemento sito en R/ ZARAGOZA nº 64, cun total de 20.170 recibos e correspondendo a:

- taxa de lixo industrial	5.348.430,27.- Euros
- entrada vehículos	1.105.343,22. - Euros

- reservas aparcamento 26.334,00- Euros

2º.- Proceder á exposición pública durante o prazo de 15 días, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un dos contribuíntes, podéndose interpoñer contra ditos actos recurso potestativo de reposición ante o órgano que aproba este acordo ou ben directamente recurso ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó de finalización do período voluntario de pago.

3(853).- PADRÓN FISCAL DA TAXA DE RECOLLIDA DE LIXO-VIVENDAS, ANO 2007. EXPTE. 29168/513.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co inform-propоста do xefe do Servizo de Admón.de Tributos, do 15.05.07, conformado pola directora de Ingresos, o interventor xeral e o primeiro tenente de alcalde, a Xunta de Goberno local acorda:

1º) Aprobar o Padrón fiscal da taxa da recollida do lixo de vivendas do exercicio 2007, por un importe total de 9.129.427,54.- Euros, (NOVE MILLÓNS CENTO VINTENOVE MIL, CATROCENTOS VINTESETE EUROS CON CINCUENTA E CATRO CENTIMOS), que consta de 129.763 inscricións, segundo a relación nominal de suxeitos pasivos que comeza pola inscrición nº 101273 que figura a nome de Dª ISABEL ALONSO VALVERDE polo obxecto tributario de CM ABADE (CORUXO) Nº 3, e remata coa inscrición nº 94946 que figura a nome de Dª Mª CONCEPCIÓN FERNÁNDEZ COMESAÑA polo obxecto tributario de CTRA. ZONDAL nº 2.

2º) Proceder á exposición pública durante o prazo de 15 días, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un dos suxeitos pasivos, poidéndose interpoñer contra ditos actos recurso potestativo de reposición ante o órgano que aproba este acordo ou ben directamente recurso ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó de finalización do período voluntario de pagamento.

4(854).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO: ALTA EXPTE. 2/1897, 2/1531, 2/1873.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo cos informes-propostas do xefe de Sector de Acción Social, conformados pola delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no fogar ás seguintes persoas:

- Dª. Rosa Fernández Laso. Expte. 2/1897.
- D. Matilde Alvarez Covelo. Expte. 2/1531.
- Dª. Sofía Oliveira Blanco. Expte. 2/1873.

5(855).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COAS CENTRAIS SINDICAIS PARA O MANTEMENTO DE OFICINAS DE INFORMACIÓN SOCIAL E XUVENIL. EXPTE. 20071/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable, do 18.04.07, e de acordo co informe-proposta da técnica de Benestar Social, do 3.04.07, conformado pola delegada da Área de Participación Cidadá e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración coas Centrais sindicais “Comisións Obreiras”, “Confederación Intersindical Galega” e “Unión Xeral de Traballadores”, que regula as concesións de funcionamento dos servizos de información social das mesmas cunha vixencia ata o 31.12.07.

2º.- Aprobar o gasto de 50.000 € (cen mil euros), como o importe total do convenio para o periodo 2007-2008, financiándose con cargo á partida 3130.489.00.01 “Convenio sindicatos serv. Información e act. Soci.”.

3º.- Delegar a competencia para asinar o convenio entre o Concello de Vigo e as Centrais sindicais, en D^a Marta Iglesias Bueno, Delegada da Área de Participación Cidadá.

CONVENIO DE COLABORACIÓN COAS CENTRAIS SINDICAIS PARA O MANTEMENTO DAS OFICINAS DE INFORMACIÓN SOCIAL E XUVENIL

Vigo, de de 2007

Reunidos:

Dunha parte, D^a Marta Iglesias Bueno, con Dni. 35317924K, Delegada da Área de Participación Cidadá, en virtude do decreto de Alcaldía do 21/02/05 e acordo da Xunta de Goberno Local de 28/02/05, autorizada expresamente por acordo do mesmo órgano en sesión de data 7 de novembro de 2005.

Doutra parte, D. José Cameselle Romero, Dni. 35985378, en nome e representación da Unión Comarcal de Comisións Obreiras; D. Xerardo Abraldes Fernández, Dni. 36040431, pola Confederación Intersindical Galega e D. Santos Hector Rodríguez Díaz, Dni. 36008431, e D^a Olga Alonso Suárez, Dni. 36042551, pola Unión Xeral de Traballadores.

Ambas partes recoñécense mutua capacidade para conveniar e

E X P O Ñ E N

A Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, no seu artigo 25.1, di que os municipios no ámbito das súas competencias poden promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade.

Que a participación das Centrais sindicais no funcionamento do sistema democrático é fundamental, recoñecéndolle a contribución que teñen na defensa dos intereses sociais que lle son propios, converténdose en entidades colaboradoras das Administracións Públicas.

Así mesmo o Concello de Vigo desenvolve, entre outros programas especializados, o servizo de información e asesoramento de servizos sociais de atención primaria dirixido a suplir as necesidades da poboación ata onde sexa

posible, así como actuar cara os diferentes colectivos que polas súas características merecen unha especial atención.

Os diversos puntos de información representan un indubidable beneficio para a poboación, pois conxúganse os dereitos activos coma os pasivos cos recursos sociais ós que poidan acceder traballadores en xeral, pensionistas e mocidades, de aí a necesidade de profesionais adecuados na atención.

A información e asesoramento adecuado posibilita o acceso dos cidadáns ós recursos sociais que lles procura conseguir mellores niveis de calidade de vida.

Que a Excm. Corporación Municipal, consciente desta realidade e á vista da experiencia adquirida con actuacións deste tipo, quixo deixar plasmada unha axuda económica para o mantemento das oficinas de información social de que dispoñen as centrais sindicais de Vigo, acordando a creación dunha partida de subvención –a 4890001-, dentro do programa de gasto 3130, cun importe de 50.000€.

Que as centrais sindicais aportan as memorias correspondentes do sistema de información social implantado por cada unha delas, cumprindo o obxectivo da consignación anteriormente sinalada, polo que procede conveniar a concesión directa da subvención, articulándose o presente convenio para elo, de acordo co Capítulo III da Lei 38/2003, de 17/11/03, Xeral de subvencións.

CLAUSULAS

Primeira.-

É obxecto do presente convenio o mantemento das oficinas de información social e xuvenil situadas nas Centrais sindicais implantadas na cidade; Comisións Obreiras, Confederación Intersindical Galega e Unión Xeral de Traballadores que singularizan o asesoramento que, en xeral, veñen ofrecendo.

Segunda.-

O ámbito das actividades específicas das oficinas ou puntos de información emprazados nas Centrais sindicais coordinaranse efectivamente co S.I.O (Servizo de información, orientación e asesoramento sobre recursos e dereitos sociais) dos Servizos Sociais de atención primaria do departamento de Benestar Social do Concello, que lles prestará a colaboración que demanden ata onde sexa posible, descentralizándose aínda máis e facilitando o acceso ós servizos sociais xerais.

Terceira.-

Polo presente convenio, cada unha das centrais sindicais, individualmente comprométese a:

- a) Desenvolver as actividades específicas do obxecto ofrecendo toda a información posible sobre os recursos sociais e xuvenis a disposición dos usuarios potenciais no horario de 9:30 a 14:00 horas e de 16:30 a 20:00.
- b) Dispoñer os medios técnicos, materiais e humanos para o correcto desenvolvemento dos puntos de información, contando, como mínimo, cun profesional do traballo social o graduado social.
- c) Atender as indicacións técnicas do persoal técnico municipal, cando sexan precisas para o correcto desenvolvemento das actividades.
- d) Participar nas reunións de coordinación marcadas e a petición do persoal técnico do Concello.

- e) *Facer constar na publicidade das actividades que impliquen divulgación, difusión ou publicación, que se atopan subvencionadas polo Concello.*

Cuarta.-

O Concello de Vigo, pola súa banda comprométese a:

- a) *Garantir a prestación adecuada das actividades motivo do convenio, como responsable último do proxecto.*
- b) *Articular os medios técnicos para a orientación, supervisión e avaliación das accións.*
- c) *Dispor os medios económicos precisos para cubrir os gastos das actividades que lle corresponden segundo o convenio.*

Quinta.-

O persoal que atenderá os puntos de información de acordo coas memorias que achegan cada unha delas, será dependente das centrais sindicais asinantes, sen que en ningún caso se estableza vinculo laboral co Concello de Vigo, correndo por parte das mesmas toda clase de obrigacións.

Sexta.-

As centrais sindicais asinantes disporán dos locais suficientes e nas debidas condicións para a instalación dos puntos de información aportando o material preciso para elo e que estarán debidamente sinalizadas con indicación suficientemente visible da colaboración municipal no seu funcionamento.

Sétima.-

Crease unha Comisión mixta de seguimento do convenio para entender as controversias que poidan presentarse na súa aplicación así como analizar a marcha dos puntos de información e a efectividade da coordinación cos servizos de atención primaria municipal así como a análise dos informes de actividade que se señalan no convenio

A Comisión constitúese cun representante por cada unha das centrais convenientes e tres representantes do Concello sendo presidida polo Concelleiro ou Delegado da Área que inclúa os Servizos Sociais municipais.

Oitava.-

Para a realización dos servizos descritos no presente convenio, o Concello aportará a cada unha das centrais sindicais asinantes, con cargo á partida orzamentaria 3130.4890001 unha cantidade igual de 16.666 € no exercicio 2007.

Novena.-

Con referencia ó pago das cantidades acordadas como presuposto do presente convenio, o Concello de Vigo aboará o importe comprometido da seguinte maneira:

- *8.000 € una vez asinado o presente convenio, en concepto de anticipo.*

- 8.666 € unha vez se xustifiquen os gastos realizados e sexan certificados polo funcionario/a responsable do programa.

Serán gastos subvencionables todos os directamente relacionados coa realización da actividade subvencionada, dos recollidos no orzamento presentado polo beneficiario.

As Centrais sindicais comprométese a presentar antes do día 30 de xaneiro de 2008, xustificación do cumprimento do convenio no Rexistro Xeral do Concello, con destino a Servizos Sociais, achegando a conta xustificativa formada polos seguintes documentos:

- a) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

- b) Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

- 1.- Unha realización clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso data de pago.

- 2.- Facturas orixinais conformadas ou fotocopias compulsadas, polo importe total da subvención outorgada, ordenadas segundo a relación previa. Ditas facturas deberán conter os seguintes requisitos esixidos legalmente:

- Número e no seu caso serie.
- Nome e apelidos ou denominación fiscal.
- Número de identificación fiscal (NIF ou CIF)
- Enderezo (tanto do expendedor como do tomador da factura).
- Descrición detallada cos prezos unitarios, se é o caso, da operación, adquisición ou contraprestación.
- Se está suxeito a IVE, deberán consignarse os datos necesarios para calcular a base imponible e sinalar o tipo de imposición. Nas facturas emitidas por entidades exentas de IVE, achegarase o documento xustificativo de tal situación.
- Lugar e data de emisión.
- Nas facturas emitidas por profesionais, a pertinente retención do IRPF.

- 3.- Para posibilitar o control da concorrencia de subvencións, todos e cada un dos documentos orixinais que se devolvan ao beneficiario deberán ser validados e compulsados polo servizo xestor, mediante un selo existente ao efecto no que se indica a subvención para cuxa xustificación foron presentados e se o importe do xustificante imputouse total ou parcialmente á subvención , e a contía exacta que resulta afectada pola subvención, polo que é preciso a presentación dos orixinais xunto coas súas copias.

- 4.- Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

- 5.- Declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:

- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron a actividades subvencionada.
- Que foron abonadas aos seus expedidores ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos a retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal de Administración Tributaria.

6.- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe da actividade subvencionada e o interese de demora correspondente.

Décima.-

Por períodos semestrais, as centrais sindicais obríganse a informar ó Concello sobre o funcionamento da oficina, indicando numericamente as informacións facilitadas, divididas polas áreas de actuación que contempla a Lei 4/93, de 14 de abril, de Servizos Sociais de Galicia. A saber:

- a) Comunidade
- b) Familia, infancia e xuventude
- c) Minusvalías
- d) Vellez
- e) Muller
- f) Drogodependencias e alcoholismo
- g) Minorías étnicas
- h) Delincuencia e reinserción
- i) Outras problemáticas de marxinación social

No transcurso do mes de xaneiro de 2008 as centrais sindicais deberán presentar a seguinte documentación:

- a) Memoria da actividade desenvolta e avaliación xeral das accións, indicando o número de receptores da actividade.
- b) Informe-resumen no que figure o número das informacións facilitadas dividida en áreas de actuación, segundo clasificación indicada anteriormente, destacando a problemática en cada unha delas.

Decimo primeira.-

O presente convenio estará vixente ata o 31 de decembro de 2007.

Décimo segunda.-

O persoal técnico do Servizo de Benestar Social será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como de certificar a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará á Conta Xustificativa, no que e poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade cos documentos xustificativos presentados.

Décimo terceira.-

A lexislación aplicable é a que se sinala o artigo 5 da LXS, que se refire ao réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletorio que resulta da súa disposición final primeira; e o seu regulamento de desenvolvemento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo de 2006; as bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2007; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

6(856).- PROXECTO DE CONVENIO COA ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER DE GALICIA PARA A EXECUCIÓN DUN PROGRAMA DE ACOLLIDA E ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN. EXPTE. 20840/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable, do 30.03.07, e de acordo co informe-proposta da xefa de Sección de Planificación de Servizos Sociais, do 8.05.07, conformado pola delegada da Área de Participación Cidadá e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o convenio de colaboración coa “Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer de Galicia” CIF G-36776920, de compromiso de prazas no taller ocupacional que derive o departamento de Benestar Social con vixencia ata o 31/12/07 e a contraprestación económica por parte do Concello de 18.000.- €, con cargo á partida 227.06.09 do programa 3130.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER DE GALICIA E O CONCELLO DE VIGO, DEPARTAMENTO DE BENESTAR SOCIAL, PARA A EXECUCIÓN DUN PROGRAMA DE ACOLLIDA E ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN

Vigo, de de 2007

Reunidos

Dunha parte,

Dona Marta Iglesias Bueno, con DNI número 35317927 K, na súa calidade de Delegada da Área de Participación Cidadá do Concello de Vigo, segundo nomeamento por Decreto da Alcaldía de 21 de febreiro de 2005 e por acordo da Xunta de Goberno Local de 28 de febreiro de 2005, autorizada para a sinatura do presente convenio por acordo do mesmo órgano da data.

Doutra parte,

Don Juan Carlos Rodríguez Bernardez, DNI 36073858 Z como Presidente da Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer de Galicia (AFAGA), CIF G-36776920, representante legal desta organización en Vigo con enderezo, a efectos de notificación, na rúa Oliva, 12-2º Of. E.

Ámbalas dúas partes, recoñécense mutuamente con capacidade e competencia para formaliza-lo presente convenio e

M A N I F E S T A N

1. – Que a Lei de 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local establece no seu artigo 25, a posibilidade de que tódolos Concellos exerzan a "prestación de Servizos Sociais e de Promoción e Inserción Social" sendo competencia de obrigado exercicio para os concellos de máis de 20.000 habitantes e a Lei 4/93, de 14 de abril, de Servizos Sociais de Galicia atribúe ós Concellos a creación e xestión de Servizos Sociais de atención primaria e especializada
2. – Que o Decreto 240/95, de 28 de xullo, polo que se regulan os servizos sociais de atención primaria, de competencia municipal, establece como obxectivos dos mesmos, entre outros, a mellora da autonomía persoal, a permanencia no medio familiar mentres se desexe e sexa conveniente, así como a creación de centros ocupacionais terapéuticos para o axuste persoal.

3. – Que o alzheimer manifestase, entre outras cousas, con unhas consecuencias sociais de moita gravidade ó esixir unha dependencia importante de familiares e cuidadores.
4. – Que A Lei de Servicios Sociais de Galicia, 4/93 de 14 de abril, no seu artigo 21 manifesta as competencias dos Concellos entre elas, a colaboración no fomento dos servizo sociais (de carácter local) prestados polas entidades de iniciativa social en especial os que substitúen o atenden necesidades non cubertas pola propia administración
5. – Que o Concello actualmente non dispón de centros ocupacionais terapéuticos para atender esta doenza nin do persoal de apoio e atención mínima de asistencia psicolóxica, etc., etc., que axude a mellorar no posible a calidade de vida de enfermos e familiares.
6. – Que a “Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer de Galicia” entidade colaboradora do departamento de Benestar Social desde hai anos, é a única entidade que presta atención social específica ós enfermos/as e familiares dos mesmos, xa que segundo di nos seus estatutos, os obxectivos da asociación entre outros son: presta-la asistencia psicolóxica e moral os familiares dos afectados da enfermidade, asesorar os familiares en materias legais, sociolóxicas e económicas, facilitar, mellorar e controla-la asistencia dos enfermos para mellorar no posible a calidade de vida.
7. – A “Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer” esta a realizar unha labor de atención social os familiares daquelas persoas que padecen a enfermidade para o que contan con profesionais que desenvolve o seu traballo social específico de información, orientación e asistencia, así como dispón de centro adecuado para atención ós enfermos, aliviando desta maneira a dependencia dos familiares.

Segundo o exposto, as partes acordan asinar un convenio de cooperación de conformidade coas seguintes

C L Á U S U L A S

Primeira.-

O Concello de Vigo e a “Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer de Galicia” establecen un convenio de colaboración que ten como obxectivo a atención ós enfermos de alzheimer e seus familiares coa creación de prazas nos talleres ocupacionais dos que dispón a asociación e co programa de actuación que figura na memoria correspondente.

Segunda

Os obxectivos xerais do programa das prazas ocupacionais que se poñen a disposición do Concello –departamento de Benestar Social-, son os que figuran na memoria explicativa do proxecto, destacando as actividades de:

ORIENTACIÓN
ATENCIÓN E MEMORIA
PSICOMOTRICIDADE
ACTIVIDADES DA VIDA DIARIA

Terceira.-

Para elo, a Asociación de Familiares de Alzheimer de Galicia poñerá a disposición do departamento de Benestar Social un total de dez prazas no taller ocupacional de que dispón sen cargo algún para os ocupantes que serán

derivados polos servizos sociais municipais de atención primaria, seguindo o criterio de que non teñan gravemente afectada a súa capacidade motora e poidan polo tanto ser obxecto de estimulación e apoio ós familiares.

Cuarta.-

O presente convenio terá vixencia ata o 31/12/2007 desde o momento da súa sinatura podendo prorrogar para o ano 2008 por acordo das partes antes do seu vencemento.

No caso de incumprimento dos compromisos adquiridos pola Asociación de Familiares de Alzheimer de Galicia , é dicir; que non se dispoña do número de prazas sinaladas na cláusula anterior, deberían reintegrarse as cantidades que se tivesen percibido.

Quinta.-

Constitúese unha Comisión Técnica con un representante de cada unha das partes que avaliará a admisión das persoas enfermas que ocuparán as prazas reservadas no taller.

Así mesmo, e para dirimir as controversias que se puidesen presentar no transcurso da vixencia do convenio, constitúese unha Comisión de Seguimento que formarán dous representantes de cada unha das partes asinantes, que se reunirá as veces que fose necesario para resolver as dubidas, diverxencias ou calquera cuestión que a aplicación do acordo puidese xerar.

Sexta.-

Pola reserva das prazas no taller ocupacional o Concello aboará á Asociación de Familiares de Alzheimer de Galicia a cantidade de 18.000 € no ano 2007.

O Concello de Vigo aboará a cantidade de 10.000 € ó inicio do programa por isto, o funcionario encargado notificará o comezo do mesmo.

O resto do importe aboarase en dous prazos da seguinte maneira:

O segundo pago por importe do 25% do total do convenio, 4.000 €, satisfarase no mes de xuño de 2007.

O terceiro e derradeiro pago por importe do 25% restante, é dicir, 4.000 € efectuarase unha vez sexa xustificada e certificada a realización da totalidade dos obxectivos do programa por parte do técnico responsable do programa.

Sétima.-

A formulación de todo tipo de información ou publicidade da actividade realizarase conxuntamente por medio da Comisión Mixta.

En proba da súa conformidade asinan o presente Convenio o día indicado, os comparecentes.

7(857).- PROXECTO DE CONVENIO COA OBRA “PÍA UNIÓN DE HERMANOS MISIONEROS DE LOS ENFERMOS POBRES” PARA OBTEN PRAZAS NO CENTRO DE ACOLLIDA. EXPTE. 21094/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable do 18.04.07, e de acordo co informe-proposta da técnica de Benestar Social, do 13.04.07, conformado pola delegada da Área de Participación Cidadá e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a concesión dunha subvención directa á institución “Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres” por un importe de 100. 000 euros.

2º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración coa entidade “Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres” CIF Q3600319B colaboradora co Departamento de Benestar Social, polo que se articula a prestación dun servizo de albergue para atención de persoas enfermas e excluídos sociais, en situación de extrema necesidade.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 100.000€ con cargo á partida 3130.4890000 – Subvencións a asociacións, entidades, etc.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO, DEPARTAMENTO DE BENESTAR SOCIAL E A INSTITUCIÓN “HERMANOS MISIONEROS DE LOS ENFERMOS POBRES” PARA PRAZAS NO CENTRO DE ACOLLIDA.

Vigo, a de de 2007

Reunidos

Dunha parte,

A Excm. Sra Corina Porro Martínez, Alcaldesa do Excmo. Concello de Vigo, nomeada na súa sesión plenaria extraordinaria de data 13 de decembro de 2003, e en representación do mesmo, segundo dispón a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Doutra parte,

Don José Antonio Donaire Jiménez, como Hermano Director da Pía Unión “Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres” en diante “Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres”, con CIF Q 3600319B, con domicilio na rúa Avda. de Galicia, nº 160 desta cidade.

As partes recoñécense mutuamente con capacidade e competencia para formaliza-lo presente convenio e

M A N I F E S T A N

- 1. Que a Lei 7/1985 de 2 abril, Reguladora das Bases do Réxime Local establece no seu artigo 25, a posibilidade de que tódolos concellos exerzan a "prestación de Servizos Sociais" sendo competencia de obrigado exercicio para os concellos de máis de 20.000*
- 2. Que a Lei 4/93, de 14 de abril, de Servizos Sociais de Galicia, sinala como competencias municipais a creación e xestión dos servizos sociais de atención primaria e o Decreto 240/95, de 28 de xullo que os regula*

establece como equipamentos propios, entre outros, os centros de acollida e os albergues, dirixidos a proporcionar aloxamento alternativo e alimentación a indixentes, transeúntes sen medios económicos e outras persoas que por determinadas circunstancias se poidan encontrar en situacións de marxinación.

3. Que os “*Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres*” para enfermos e marxinados sociais, teñen como obxectivo principal, a atención e coidado de enfermos carentes de recursos e marxinados sociais.
4. Que os “*Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres*” constitúe un recurso social, dentro do Sistema público de servicios sociais da cidade por ser unha das entidades sen ánimo de lucro, que traballa máis en contacto coas situacións reais das persoas en estado de necesidade, sendo un recurso moi utilizado polos Servicios Sociais.
5. Que a Administración Pública pode acordar convenios de cooperación con entidades sen ánimo de lucro para unha xestión común de determinadas actividades.
6. Que a lei de Servicios Sociais, (4/93 de 14 de abril) no seu artigo 21 establece as competencias dos Concellos entre elas, a colaboración no fomento dos servicios sociais de carácter local prestados polas entidades de iniciativa social en especial os que substitúen o atenden necesidades non cubertas pola propia administración

Segundo exposto, as partes acordan levar a cabo un convenio de cooperación de conformidade coas seguintes

C L A Ú S U L A

Primeira.-

O obxecto do presente Convenio entre o Concello de Vigo e os “*Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres*” é a atención e albergue para enfermos e persoas en situación de exclusión social ou en risco dela, contribuíndo ó sostemento do internado no centro.

Segunda.-

Os “*Hermanos Misioneros dos Enfermos Pobres*” comprométense a aceptar no seu centro a homes e mulleres das características mencionadas que acepten as condicións de orde interno existentes sempre que a súa capacidade o permita e que lles sexan remitidos polo Departamento de Benestar Social do Concello

Os “*Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres*” comprométense a facilitar a persoas remitidas polo departamento de Benestar Social dentro das súas posibilidades, tanto nas plazas de albergue para homes como para mulleres, as maiores facilidades posibles no referente a horarios de entrada e saída, comidas, etc, para as persoas que o precisen para a súa inserción laboral, xestións ou outras actividades que supoñan inclusión social.

Terceira.-

A vixencia deste convenio remata o 31 de decembro de 2007.

Cuarta.-

Para a realización das actividades descrita no presente convenio, o Concello, aportará a cantidade de 100.000 €

Os pagamentos efectuaranse dos seguinte xeito:

O 50% da subvención concedida tras a sinatura do presente convenio, en concepto de anticipo.

O 50% restante unha vez que se xustifiquen os gastos realizados e sexan certificados polo funcionario/a responsable do programa.

Serán gastos subvencionables todos os directamente relacionados coa realización da actividade subvencionada, dos recollidos no orzamento presentado polo beneficiario.

Os “Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres” comprométense a presentar antes do día 30 de xaneiro de 2008, xustificación do cumprimento do convenio no Rexistro Xeral do Concello, con destino a Servicios Sociais, aportando a conta xustificativa formada pola seguinte documentación:

a) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

b) Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1.- Unha realización clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso data de pago.

2.- Facturas orixinais conformadas ou fotocopias compulsadas, polo importe total da subvención outorgada, ordenadas segundo a relación previa. Ditas facturas deberán conter os seguintes requisitos esixidos legalmente:

- Número e no seu caso serie.
- Nome e apelidos ou denominación fiscal.
- Número de identificación fiscal (NIF ou CIF)
- Enderezo (tanto do expendedor como do tomador da factura.
- Descrición detallada cos prezos unitarios, s é o caso, da operación, adquisición ou contraprestación.
- Se está xuxeito a IVE, deberán consignarse os datos necesarios para calcular a base imponible e sinalar o tipo de imposición. Nas facturas emitidas por entidades exentas de IVE, achegarase o documento xustificativo de tal situación.
- Lugar e data de emisión,
- Nas facturas emitidas por profesionais, a pertinente retención do IRPF.

3.- Para posibilitar o control da concorrencia de subvencións, todos e cada un dos documentos orixinais que se devolvan ao beneficiario deberán ser validados e compulsados polo servizo xestor, mediante un selo existente ao efecto no que se indica a subvención para cuxa xustificación foron presentados e se o importe do xustificante imputouse total ou parcialmente á subvención , e a contía exacta que resulta afectada pola subvención, polo que é preciso a presentación dos orixinais xunto coas súas copias.

4.- Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

5.- Declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:

- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron a actividades subvencionada.
- Que foron abonadas aos seus expedidores ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos a retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal de Administración Tributaria.

6.- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe da actividade subvencionada e o interese de demora correspondente.

Quinta

Os “*Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres*” poderán contratar a tódalas persoas que necesiten para o mellor funcionamento do seu centro. Estes contratos estarán suxeitos á lexislación laboral vixente sen que, en ningún caso, esta relación que se establece cos/coas profesionais supoña unha relación laboral co Concello de Vigo.

Sexta.-

Os “*Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres*” comprométense a someterse á lexislación vixente en materias sanitarias e de seguridade para os/as usuarios/as facéndose responsables dos danos e prexuízos que se poidan derivar do seu incumprimento.

Séptima.-

Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración - supervisión crearase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias, e estará composta por dúas persoas da Pía Unión dos “*Hermanos Misioneros dos Enfermos Pobres*” e dous técnicos deste Concello, presidida polo Concelleiro/a responsable dos Servicios Sociais.

Oitava.-

O Concello poderá subscribir os convenios que crea adecuados coas distintas entidades e administracións para este mesmo fin sen que esto altere o previsto neste convenio.

Novena.-

O Concello de Vigo reservase exclusivamente a formulación de todo tipo de publicidade ou información nos medios de comunicación social das actividades obxecto deste convenio.

Décima.-

O persoal técnico do Servizo de Benestar Social será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como de certificar a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará á Conta Xustificativa, no que e poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade cos documentos xustificativos presentados.

Undécima.-

A lexislación aplicable é a que se sinala o artigo 5 da LXS, que se refire ao réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletorio que resulta da súa disposición final primeira; e o seu regulamento de desenvolvemento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo de 2006; as bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2007; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

En proba da súa conformidade asinan o presente Convenio o día arriba indicado polos representantes das partes presentes.

8(858).- BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN 2007 NO MARCO DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO. EXPTE. 4386/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable do 20.04.07 e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 13.04.07, conformado

pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar as BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO ANO 2007 DO PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN, no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007, que de seguido se transcriben, e os anexos obrantes no expediente que son os seguintes:

ANEXO I	SOLICITUDE.
ANEXO I BIS	DOCUMENTACIÓN PARA XUNTAR COA SOLICITUDE.
ANEXO II	FICHA SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA.
ANEXO III	DECLARACIÓN XURADA NON TER SOLICITADO NIN PERCIBIDO OUTRAS AXUDAS.
ANEXO IV	DECLARACIÓN DE ACEPTACIÓN DAS ACTUACIÓNS DE COMPROBACIÓN E SEGUIMENTO.
ANEXO V	DECLARACIÓN DE PODER OBTER A CONDICIÓ DE BENEFICIARIO/A DE AXUDAS.
ANEXO VI	SOLICITUDES DE TRABALLADORES/AS.
ANEXO VII	DELIMITACIÓN CASCO VELLO (AREA P.E.P.R.I.)
ANEXO VIII	BAREMO

2º.- Aprobar a disposición total de 30.000,00 € (TRINTA MIL EUROS), para a concesión das axudas establecidas nestas bases, con cargo á partida orzamentaria 3220 470 00 00 "Programas de axudas á inserción laboral.

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO ANO 2007 DO PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN

INTRODUCCIÓN

O Plan municipal de emprego 2004-2007, promovido pola concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego foi aprobado polo Pleno do Concello de Vigo, na súa sesión do día 26 de xaneiro de 2004, representa o marco de actuación municipal para a aplicación das políticas activas de emprego no seu ámbito territorial. No conxunto de accións que configuran o plan, dentro dos programas de apoio á inserción laboral, atópase o “Programa de axudas municipais á contratación.”

BASE 1ª: OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

1.1.Finalidade

A presente disposición ten por obxecto fixar as bases que regulan a concesión de axudas municipais a empresas e entidades distintas da administración pública para o fomento da contratación de persoas que participen ou tivesen participado nalgunha das accións ou programas da Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego.

No caso de persoas discapacitadas poderáanse ter en conta tamén as derivacións doutras entidades de recoñecida solvencia no traballo con ese colectivo.

As subvencións establecidas nas presentes bases poderán afectar ás contratacións que, reunindo os requisitos establecidos nas presentes bases, se formalicen no período comprendido entre o 16 de setembro de 2006 e o 15 de setembro de 2007.

1.2. Características das empresas e entidades beneficiarias

Empresas privadas, independentemente da súa forma xurídica, e entidades distintas da administración pública, que contraten a persoas desempregadas que participen ou participasen nalgunha das accións ou programas da Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego, e que posúan ademais algunha destas condicións ou características: muller, discapacidade ou ubicación do posto de traballo no Casco Vello de Vigo (Área P.E.P.R.I.) (Ver ANEXO VII). No caso de persoas discapacitadas, poderáanse ter en conta tamén as derivacións doutras entidades de recoñecida solvencia no traballo con ese colectivo.

1.3. Requisitos

1.3.1. A contratación ten que supoñer un aumento do cadro de persoal da empresa, en termos netos e que este aumento se manteña, cando menos, durante o tempo de vixencia do contrato obxecto da subvención.

1.3.2. Non ter recibido ningunha outra axuda ou subvención pola mesma contratación, de calquera outra entidade pública ou privada, estatal ou internacional (exceptuando os incentivos en forma de bonificacións da Seguridade Social)

1.3.3. As persoas que se contratarán deben ser persoas que participen ou tivesen participado nalgunha das accións ou programas da Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego. Para solicitar candidatos/as de ser preciso por parte da empresa potencialmente beneficiaria, deberase utilizar o modelo normalizado que se achega nestas bases (Anexo VI)

1.4. Tipos e Contías das axudas

-Axudas á contratación temporal a xornada completa

Contratos iniciais coas seguintes características:

BENEFICIARIOS/AS	CONTRATO: 6 MESES	CONTRATO: 1 ANO OU MÁIS
<ul style="list-style-type: none">● Mulleres● Discapacitados/as● Posto de traballo no Casco Vello	750,00 €	3.000,00 €
<ul style="list-style-type: none">• plus vítima violencia doméstica	250,00 €	500,00 €
IMPORTE TOTAL	1.000,00 €	3.500,00 €

-Axudas á contratación temporal a xornada parcial

Neste caso, o importe da subvención será proporcional á xornada laboral do contrato (tanto para os de duración mínima de seis meses coma para os dun ano).

1.4.1. O límite máximo de subvención por empresa ou grupo de empresas asociadas non poderá exceder, polo conxunto das contratacións realizadas, de 8.000,00 € , agás naqueles casos nos que a Comisión de Valoración estime oportuno ampliar dito tope, pola importancia e repercusión da solicitude.

1.4.2. As axudas concedidas ao abeiro desta convocatoria faranse con cargo ao orzamento da Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego, na aplicación orzamentaria 32204700000- “Programa de axudas á inserción laboral “ por un importe de 30.000,00 €

1.5.Obrigas

1. Acreditar, no momento da solicitude da axuda, que se atopa ao corrente das súas obrigas coa Consellaría de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Seguridade Social e co Concello de Vigo.

2. Non atoparse en situación de suspensión de pagamentos ou quebra e, así mesmo, que nos tres últimos anos non amortizaran postos de traballo por despedimento declarado improcedente, expediente de regulación de emprego ou por causa prevista no apartado c) do artigo 52 do Estatuto dos Traballadores.

3. Comunicarlle ao Concello de Vigo calquera modificación das condicións que se tiveron en conta no momento da concesión, así como dos seus compromisos e obrigas.

4. Manter no seu cadro de persoal á persoa contratada durante o período fixado ou, de ser ao contrario, acollerse ás condicións do apartado 1.6.

5. Declarar as subvencións e axudas concedidas ou solicitadas polo mesmo concepto procedentes de calquera outra administración.

6. O cómputo global do seu cadro de persoal deberá ter estabilidade ou tendencia crecente, salvo causa xustificada, polo menos ao longo do período que dure o contrato obxecto de subvención.

7. Someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que se leven a cabo pola Comisión de Valoración reguladora das subvencións obxecto das bases.

1.6.Alteración das condicións de concesión das axudas.

No suposto de extinción da relación laboral da persoa pola que se concede a subvención, con independencia da causa, a cobertura do seu posto por un/unha novo/a traballador/a, terá que facerse dentro dos trinta días naturais seguintes ao da baixa, e por un período de tempo equivalente ao que resta para a finalización do período estipulado inicialmente. En caso contrario, a empresa beneficiaria devolverá a axuda concedida segundo o estipulado na base 7ª. A nova persoa contratada deberá ser beneficiaria das accións ou programas municipais de emprego da Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego.

De ser o caso, a empresa ou entidade beneficiaria dispón dun prazo de dez días naturais que contará dende a finalización do prazo que ten para a nova contratación, para comunicarlle á Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego a extinción do contrato e a nova contratación. Neste caso terá que achegar a seguinte documentación:

-comunicación por escrito onde conste a causa da extinción contractual.

-baixa da persoa contratada inicialmente.

-alta da nova persoa traballadora no réxime xeral da Seguridade Social.

-contrato de traballo da nova persoa traballadora suscrito na correspondente oficina do Servizo Público de Emprego.

BASE 2ª : EXCLUSIÓN E INCOMPATIBILIDADES

Exclúense dos beneficios establecidos nestas bases as seguintes circunstancias:

-Os contratos realizados co/a cónxuxe, ascendentes, descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, do/a empresario/a individual, ou dos/as que ocupen cargos de dirección ou sexan membros de órganos de administración das empresas que revistan forma xurídica de sociedade.

-Estas axudas serán incompatibles con outras, que por eses conceptos, poidan outorgar outras entidades públicas ou privadas, estatais ou internacionais, como medida de fomento do emprego. Aínda que serán compatibles, se é o caso, cos incentivos en forma de bonificacións da Seguridade Social.

-Os contratos realizados con calquera dos/as participantes incluídos/as no mínimo comprometido no convenio de colaboración que se asine entre o Concello de Vigo e as empresas colaboradoras do “Programa de formación en empresas con compromiso de contratación” do Plan municipal de emprego.

BASE 3ª: COMPETENCIA E PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN

3.1. Instrución e tramitación das axudas

O procedemento ordinario para a concesión destas subvencións iniciarase de oficio tras a aprobación da convocatoria pola Xunta de Goberno Local e tramitarse en réxime de concorrencia competitiva.

A Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego tras o informe da Comisión de Valoración, propondrá a concesión ou denegación das axudas á Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas, e o seu acordo será notificado a todos/as os/as solicitantes.

3.2. Comisión de valoración

Estará composta polos seguintes membros:

- a concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local
- o xefe de Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego
- a coordinadora do Servizo de Orientación Laboral
- un técnico/a da Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego, nomeado/a pola concelleira.

Dita comisión, formada por un número par de membros, contará co voto de calidade da concelleira, que será resolutivo. O xefe do Servizo actuará como secretario. A Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego, será encargada de avaliar as solicitudes, e tramitará aquelas que reúnan os requisitos contidos nestas bases, e así mesmo levará o control, seguimento e inspección das axudas concedidas; poderá requirirille á empresa beneficiaria a documentación necesaria co fin de comprobar que se cumpren as condicións para as que se concedeu a subvención.

BASE 4ª: SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN

As solicitudes achegaranse, segundo modelo establecido no Anexo I, ao Rexistro Xeral do Concello de Vigo, dirixidas á Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego ao “Programa de axudas municipais á contratación”,

inescusablemente xunto coa totalidade da seguinte documentación, por duplicado, dos que un deles será orixinal ou copia compulsada, segundo consta no Anexo I bis:

Documentación relativa á empresa:

- DNI se o solicitante é empresario/a individual, ou CIF cando se trate de persoas xurídicas (neste caso achegar DNI e poder suficiente para actuar en nome da sociedade do/a representante que asina a solicitude).*
- Alta no IAE da empresa que solicita a axuda e, no caso de sociedades xa constituídas, copia cotexada da escritura de constitución da empresa debidamente inscrita no Rexistro Mercantil. E de ser o caso resolución da exención do IAE.*
- Ficha de solicitude de transferencia bancaria (Anexo II).*
- Certificados de atoparse ao corrente nas súas obrigas coa Consellaría de Economía e Facenda, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Seguridade Social e co Concello de Vigo.*
- Declaración xurada de non ter solicitado nin ter percibido, ningunha outra axuda polo mesmo concepto de calquera outra entidade pública ou privada (Anexo III).*
- Declaración pola que se expresa a aceptación das actuacións de comprobación e seguimento que acorde a Comisión de Valoración (Anexo IV).*
- Últimos TC1 (liquidado) e TC2 inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude, onde conste a relación nominal de todos e todas os/as traballadores/as que estean no cadro de persoal da empresa.*
- Declaración de non estar incurso/a nas prohibicións para obter a condición de beneficiario/a prevista no art. 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (Anexo V).*

Documentación relativa a cada traballador/a

- DNI das persoas traballadoras obxecto de contratación.*
- Informe da vida laboral completa do/a traballador/a obxecto da subvención actualizado e expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social (TXSS) con data posterior á de inicio do contrato obxecto da subvención.*
- Contrato de traballo, rexistrado na oficina do Servizo Público de Emprego.*
- Certificado de minusvalía ou xustificante de ter recoñecida unha incapacidade permanente en grao total ou gran invalidez (de ser a persoa contratada discapacitada) ou certificado dos períodos de inscrición como demandante de emprego (de ser a persoa contratada parada de longa duración)*
- No caso de persoas vítimas de violencia doméstica o Servizo de orientación laboral acreditará a súa situación mediante os informes pertinentes.*

O prazo de presentación irá dende a data de publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra ata o día 15 de setembro de 2007.

No caso de que o montante total das solicitudes debidamente presentadas supere o orzamento previsto na partida dedicada para tal fin, a Comisión de Valoración realizará proposta de resolución conforme ao baremo que se incorpora como Anexo VIII.

Por isto as solicitudes ordearanse en forma descendente segundo a puntuación obtida tras a aplicación do citado baremo, sendo o importe para subvencionar o calculado, para cada solicitante, segundo o previsto no punto 1.4. destas bases, ata esgotar o orzamento.

Toda solicitude que non inclúa algunha documentación esixida na base 4ª, seralle requirida ao/a solicitante conforme ao establecido no artigo 71 da Lei 30/1992 do RXPAC.

A documentación relativa ás solicitudes que non resulten subvencionadas poderá ser retirada das dependencias municipais, polos/as solicitantes, no prazo de tres meses dende a publicación do acordo. Transcorrido dito prazo, a administración municipal non estará obrigada á súa custodia.

BASE 5ª: PRAZO DE CONCESIÓN DAS AXUDAS

O prazo para resolver por parte da Xunta de Goberno Local será de tres meses dende a data de remate da presentación de solicitudes (15 de setembro de 2007) no Rexistro Xeral do Concello. Transcorrido o devandito prazo sen que dite resolución expresa, entenderase que é desestimatoria da concesión da axuda ou subvención, e poderase recorrer contra dita resolución seguindo o estipulado nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificado pola Lei 4/1999, ante a Xunta de Goberno Local.

O acordo de concesión destas axudas seralles notificado aos solicitantes no prazo de 15 días naturais dende o momento no que aquel se produce.

Unha vez concedidas e notificadas as axudas faranse efectivas nun pagamento único, condicionado á presentación no Rexistro Xeral do Concello, no prazo de 15 días naturais dende a recepción da notificación, da seguinte documentación:

- Xustificante de alta na Seguridade Social da persoa contratada.*
- Documentación acreditativa da vixencia do contrato (Vida laboral ou xustificante de baixa na Seguridade Social.*
- Último TC2 no que figure a persoa pola que se percibe a axuda correspondente.*

BASE 6ª: XUSTIFICANTE DO PAGAMENTO

A obriga da empresa beneficiaria é cumprir a finalidade pola que se lle concedeu a subvención, así como a aplicación dos fondos percibidos. Neste senso, segundo o estipulado no artigo 32 da Lei 38/2003 de 17 de novembro sobre axudas e subvencións públicas, a empresa beneficiaria no prazo dun mes dende a finalización do contrato obxecto de subvención ten a obriga de xustificar o anterior, mediante a presentación da documentación a que se refire a base 5ª desta convocatoria requirida pola Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego, co obxecto de comprobar o cumprimento da finalidade pola que se concedeu a subvención.

O servizo xestor (Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego) que tramita a concesión levará a cabo a comprobación da subvención, que se materializará na emisión dun informe que acredite a adecuada xustificación da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión ou aproveitamento da subvención.

BASE 7ª: REVOGACIÓN, RENUNCIA, REINTEGRO DE INFRACCIÓNS E SANCIÓN

1.-Procederá a revogación das axudas concedidas no caso de:

- a) O incumprimento por parte do/a beneficiario/a das subvencións de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento, a variación da finalidade da actuación, a insuficiente xustificación do proxecto ou a obtención concorrente doutras axudas compatibles dará lugar a revogación total ou parcial da subvención e a obriga de reintegro das cantidades percibidas máis os correspondentes xuros de demora dende o momento do seu pagamento, sen menoscabo das sancións, que de ser o caso, resulten esixibles.*
- b) A non xustificación das axudas no prazo establecido.*

2.-O/A beneficiario/a poderá renunciar voluntariamente á subvención reintegrando, de ser o caso, o importe percibido nas condicións que establece a normativa legal de aplicación. A renuncia soamente poderá admitirse no prazo de quince días que contará dende a notificación definitiva do outorgamento da axuda, no caso contrario anularase por incumprimento, coa conseguinte esixencia das responsabilidades que dela se deriven.

3.-Tanto as causas coma o procedemento de reintegro, infraccións e sancións rexeráse polas disposicións xerais sobre procedementos administrativos contidas no Título VI da Lei 30/1992, do 26 de novembro LRX-PAC, sen prexuízo das especialidades que se establecen na Lei 38/2003, do 17 de novembro xeral de subvencións e disposicións de desenvolvemento.

BASE 8ª: PUBLICIDADE

As bases reguladoras desta convocatoria, e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse na Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego, na páxina web <http://emprego.vigo.org>, e nas dependencias de información do Concello de Vigo.

Esta convocatoria para o ano 2007 do “Programa de axudas municipais á contratación”, como un dos incentivos de fomento ao emprego, enmarcado dentro do Plan municipal de emprego do Concello de Vigo, publicarase no BOP, nos xornais de maior tirada da cidade e na páxina web <http://emprego.vigo.org>, unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local.

A listaxe coas axudas concedidas pola Xunta de Goberno Local será publicada na páxina web <http://emprego.vigo.org>, e exposto no taboleiro de anuncios da Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego.

BASE 9ª: NORMATIVA SUPLETORIA

No non previsto nas bases desta convocatoria estarase ao disposto nas seguintes normas supletorias e complementarias:

- Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Bases de execución dos presupostos municipais.
- Restante normativa aplicable.

BASE 10ª: DISPOSICIÓN FINAL

Estas bases entrarán en vigor ao día seguinte da súa aprobación na Xunta de Goberno Local. As solicitudes correspondentes poderán presentarse a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

O Concello de Vigo quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións á que están obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.

9(859).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE FESTAS E A.SOCIOCULTURAL DURANTE O MES DE ABRIL DE 2007. EXPTE. 2244/335.

Mediante providencia de 9.05.07, o concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais, en cumprimento da base 31ª das de Execución do orzamento xeral do Concello de Vigo, dá conta á Xunta de Goberno local dos expedientes de gasto menor tramitados durante o mes de abril de 2006, que son os seguintes:

EXPTE. 2213/335. CONTRATACION MATERIAL GRAFICO XERAL PARA BATALLA DE FLORES 2007.
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 03-04-07
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 21549
ADXUDICATARIO: CANAL UNO DE COMUNICACION SL
IMPORTE: 6.142,20 €

EXPTE. 2214/335. CONTRATACION DE CAÑONES LANZADORES DE CONFETTI BATALLA DE FLORES 2007.
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 03-04-07
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 21539
ADXUDICATARIO: CREACIONES LEAL SL.
IMPORTE: 5.011,20 €

EXPTE. 2215/335. CONTRATACION ANIMACION PARA SPECIAL OLYMPICS 2007.
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 12-04-07
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 21981
ADXUDICATARIO: PEDRO VAZQUEZ TABOADA
IMPORTE: 10.509,60€

EXPTE. 2216/335. CONTRATACION ESPECTACULO TEATRAL LA FIESTA ESCENICA SOBRE PLATAFORMA MOVIL PARA BATALLA DE FLORES 2007
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 16-04-07
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 21980
ADXUDICATARIO: LA FIESTA ESCENICA SL
IMPORTE: 11.600,00€

EXPTE. 2217/335. RESERVA DE CREDITO PARA ATENDER GASTOS VARIOS OU IMPREVISTOS DERIVADOS BATALLA FLORES 2007
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 16-04-07
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 21979
ADXUDICATARIO: VARIOS.
IMPORTE: 6.000,00 €

EXPTE. 2218/335. CONTRATACION SUMINISTRO SERPENTINA BATALLA FLORES 2007
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 04-04-07
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 21978
ADXUDICATARIO: EXCLUSIVAS VARELA SL
IMPORTE: 2.934,80€

EXPTE. 2219/335. CONTRATACION REPORTAXE FOTOGRAFICO BATALLA DE FLORES 2007.
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 04-04-07
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 22337
ADXUDICATARIO: PAULA GONZALEZ FERNANDEZ
IMPORTE: 2.668,00 €

EXPTE. 2220/335. CONTRATACION SERVICIOS DE PRODUCCION DO CICLO BANDAS DE MUSICA DE ABRIL A XULLO

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 10-04-07

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 22326

ADXUDICATARIO: PRODUCCION E XESTION CULTURAL SL

IMPORTE: 3.190,00 €

EXPTE. 2225/335. CONTRATACION ACTUACION MUSICAL PARA O DESFILE BATALLA DE FLORES 2007

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 16-04-07

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 23845

ADXUDICATARIO: UBIAGRANDAL SL

IMPORTE: 11.832,00€

EXPTE. 2226/335. CONTRATACION PASACALLES DE PECES DESFILE BATALLA DE FLORES 2007.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 16-04-07

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 23613

ADXUDICATARIO: UBIAGRANDAL SL

IMPORTE: 11948,00 €

EXPTE. 2227/335. CONTRATACION DE LANZAMIENTO DE CONFETTI NO DESFILE DE BATALLA DE FLORES 2007

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 19-04-07

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 23912

ADXUDICATARIO: PROTECNIA LA GALLEGA SL

IMPORTE: 4.176,00 €

EXPTE. 2228/335. CONTRATACION MATERIAL PIROTECNICO BATALLA FLORES 2007.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 19-04-07

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 23366

ADXUDICATARIO: PIROTECNIA LAGALLEGA SL

IMPORTE: 11.971,20€

EXPTE. 2229/335. CONTRATACION GRUPO ANIMACION CALAMARES XIGANTES PARA BATALLA FLORES 2007

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 16-04-07

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 23365

ADXUDICATARIO: LA FIESTA ESCENICA SL

IMPORTE: 7.308,00 €

EXPTE. 2230/335. CONTRATACION DE GRUPO ANIMACION FUNDACION IGUALARTE PARA BATALLA DE FLORES 2007

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 16-04-07

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 23106

ADXUDICATARIO: FUNDACION IGUALARTE

IMPORTE: 6.200,00 €

EXPTE. 2232/335. CONTRATACION CARROZA TROULA ANIMACION PARA FESFILE DA BATALLA DE FLORES 2007

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 16-04-07

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 25236

ADXUDICATARIO: TROULA ANIMACION SL

IMPORTE: 12.000,00€

EXPTE. 2233/335. CONTRATACION GRUPOS DE ANIMACION MUNDO SUBMARINO BATALLA FLORES 2007

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 24-04-07

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 25129

ADXUDICATARIO: PEDRO VAZQUEZ TABOADA

IMPORTE: 10.913,28€

EXPTE. 2212/335. CONTRATACION DE ASISTENCIA TECNICA LEGALIZACION ESTRUCTURA METALICA AUDITORIO AIRE LIBRE CASTRELOS

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 02-04-07

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 23426

ADXUDICATARIO: APPLUS NORCONTROL SLU

IMPORTE: 11.571,00€

A Xunta de Goberno local queda enterada.

10(860).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A LA FE SEGUROS POLA RENDA DE ALUGUER DO USO DO EDIFICIO DA RÚA ELDUAYEN,36. EXPTE. 18020/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Especial, do 8.01.07, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local do Concellode Vigo, en sesión celebrada o día 9 de agosto de 2004, acordou concertar directamente coa sociedade “La Fe, Compañía de Seguros, S.A.”, como propietaria do edificio nº 36 situado na rúa Elduayen, os catro semisotos, planta baixa e catro plantas de dito inmovible, para dedicalo a actividades de información á sociedade, ou calesquera outras actividades e usos de carácter sociocultural ou educativos, así como, servicios administrativos de competencia municipal, por un prazo contractual de dous anos, producíndose o vencemento do mesmo o 31 de xulio do ano 2006.

Na xunta de Goberno local celebrada o día 15 de decembro de 2006, acordouse suscribir un novo contrato de arrendamento entre o Concello de Vigo e a sociedade “La Fe, seguros”, a partir do 1 de xaneiro de 2007, polo que perante o periodo comprendido entre o 1 de agosto de 2006 e 31 de decembro dese mesmo ano, o edificio permaneceu ocupado polas entidades que ata data permanecían no inmovible, carecendo de cobertura contractual.

Entre as distintas entidades, que imparten actividades nos locais en aluguer do inmovible, cabe destacar as seguintes: “Centro Elduayen de Formación a Sociedade”, acordada polo Pleno deste Concello de Vigo, en sesión 26 de xaneiro de 2004, mediante Moción da Concelleira do BNG, Srª Fernández Davila e en relación á continuidade das actividades impartidas no “Centro Elduayen de Información a Sociedade”, prestando un servizo que vai desde cursos de formación a facilitar un servizo de información os cidadáns a través do “Centro Navegaweb”.

Polo anterior faise necesario aboar a sociedade o importe do aluguer correspondentes as mensualidades citadas, de agosto a decembro de 2006, así como os gastos de mantemento que se xeneraron nese periodo, de ascensores, luz etc., ascendendo a cantidade adeudada á cantidade de 101.078,51 euros.

Adxúntase xunto co presente informe, facturas emitidas pola arrendadora, nº 04/2006 por importe de 59.192,97 euros, e nº 9/2006 por importe de 59.229,87 euros á cal se adxunta abono da mesma pola cuantía de 17.344,34 euros, que totaliza a cantidade de 101.078,51 euros.

O importe do presente gasto poderase facer con cargo o AD nº 200600069916, de data 28/12/2006 e importe de 64.224,60 euros que se adxunta ó presente informe, e a diferenza poderá ser cargada a partida 12102020001 do presuposto do ano 2007.

Polo exposto, proponse a Xunta Local de Goberno, previo informe da Intervención Xeral, a dopción do seguinte A C O R D O

Aboar a “La Fe, Seguros”, conforme ó establecido nas Bases de Execución do Presuposto, Base 28, a cantidade de 101.078,51 euros, en concepto de Indemnización substitutiva, pola renda de aluguer de catro semisotos, planta baixa e catro plantas do edificio da rúa Elduayen nº 36, perante o periodo comprendido entre o 1 de agosto e 31 de decmbro de 2006.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(861).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE “LIMPEZAS DEL NOROESTE” POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA NA CASA DO CONCELLO E OUTRAS DEPENDENCIAS. EXPTE. 18027/240.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 13.04.07, o informe do interventor xeral do 11.05.07, e de acordo coa proposta da técnico de Amdón. Especial do Servizo de Patrimonio, do 15.05.07, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declarar a nulidade da prestación do servizo de limpeza realizado pola empresa “Limpiezas del Noroeste, S.A.”.

2º.- Aprobar a indemnización substitutiva a favor de “Limpiezas del Noroeste, S.A., por un importe total de 277.232,68 euros.

3º.- A Intervención Xeral procederá á aceptación do acordo nos seus propios termos, mediante a correspondente toma de razón, ó non proceder acto de fiscalización previa.

12(862).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA:

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes das oficinas técnicas, os informes de Intervención Xeral e de acordo cos informes-proposta do xefe de negociado do Servizo de Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

a) Devolver a EL CORTE INGLÉS S.A. a fianza por importe de 1168 € constituída para responder da subministración de equipos para o ximnasio de Bombeiros xa que foron recibidos mediante acta de 16.01.06, conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 1768/241.

b) Devolver a NEUMÁTICOS BERBÉS S.L. a fianza por importe de 600 € constituída para responder da subministración de rodas para o Parque Móbil, xa que foron recibidas conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 1798/241.

13(863).- RECURSO DE REPOSICIÓN D. ANDRÉS MARIÑO VILAR (UTE AQUALIA-FCC) CONTRA ESTIMACIÓN DE RECLAMACIÓN DE D. CESAR OUTERELO GONZÁLEZ (ELABORADORA DE CEFALÓPODOS S.A. E ALLIANZ S.A.) REPOSIBILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 38/243. DESESTIMADO.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación de data 07.05.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

“Primeiro.- D. Andrés Mariño Vilar en nome e representación de Aqualia-FCC Vigo U.T.E. presenta recurso de reposición en data 26/07/2006, contra a resolución da Xunta de Goberno local de data 12/06/2006, notificada o día 27 do mesmo mes, que estimou a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. César Outerelo González en nome e representación da mercantil Elaboradora de Cefalópodos S.A. e de Allianz S.A. declarando a responsabilidade patrimonial polos danos acaecidos á UTE Aqualia FCC.

Segundo.- Do recurso interposto déuselle traslado a D. César Outerelo González en nome e representación das empresas sinaldas, quen formulou alegacións.

Fundamentos xurídicos:

Primeiro.- Procede admitir a trámite o recurso de reposición interposto, ó presentarse consonte co establecido no artigo 116 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, dentro do prazo dun mes preceptivo.

Segundo.- O recurso fundaméntase en que a resolución vai máis aló do que ten que constituír a reposición do dano causado, incorrendo nun manifesto enriquecemento inxusto por canto non procede incluír o IVE no montante da indemnización que procede aboar a Allianz, o que non se pode aceptar por canto de conformidade no artigo 18 da Lei 50/1980, de 8 de outubro, do Contrato de Seguro, a aseguradora resulta obrigada a satisfacer o importe da indemnización establecida e no seu caso dos danos dun xeito integral, sen excluír o IVE, e en todo caso, á hora de reparar ou repoñer o obxecto sinistrado a prexudicada está obrigada ó seu aboamento, sen que estea excluída dela, polo que procede desestimar o recurso presentado.

Terceiro.- De acordo co que dispón o artigo 116 da Lei 30/1992, a Xunta de Goberno Local é competente para a resolución deste recurso, ó ser o mesmo órgano que dictou a resolución impugnada.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

Desestimar o recurso de reposición interposto por D. Andrés Mariño Vilar en nome e representación da UTE Aqualia-FCC de data 26/07/2006, mantendo firme a resolución impugnada”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe

14(864).- RECLAMACIÓN DE D. MANUEL DOMÍNGUEZ HERMIDA DE REPOSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 887/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación de data 07.05.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

“D. Manuel Domínguez Hermida presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 3 de xaneiro de 2006, no que expón que o día 22 de decembro de 2005, mentres camiñaba polas proximidades do centro comercial Alcampo de Coia, á altura do paso de peóns, sufriu unha caída como consecuencia dunha rampa cun escalón non sinalizado nin pintado, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe do Inventario municipal de data 13/09/2006 no que indican que a rúa Cambados consta de alta no Inventario Municipal.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, de data 21/09/2006, sobre o estado do lugar onde ocorreu o accidente.*
- *Informe do servizo da Policía local, de data 26/09/2006, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados.*
- *Práctica de proba testifical, en data 21/11/2006, a unha das testemuñas propostas pola reclamante, que confirma os extremos alegados polo Sr. Domínguez, que indica que son habituais as caídas na zona, ó producirse confusión para distinguir o escalón.*
- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 2.036,60 euros.*
- *Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións en data 13/12/2006.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en cualquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento extraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectividade dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Terceiro.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993; ditame Consejo de Estado 678/2002). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

De conformidade co anterior, das actuacións do expediente, resulta acreditados que:

- D. Manuel Domínguez Hermida caeu o día 22/12/2005 ás 12:00 horas aproximadamente no paso peonil situado na rúa Grove (Alcampo), ó tropezar na súa zona de rebaixe, o que lle ocasionou lesións físicas que o ditame médico solicitado ó efecto valora en 2.036,60 euros.
- Solicitado informe ó servizo de Vías e Obras ó efecto, este emitiuse en data 21/09/2006 en el se di que non hai ningún desperfecto xa que o que é a zona de rebaixe do paso peonil.
- Obsérvanse nas fotografías que o informe anterior achega, que un dos lados do rebaixe peonil atópase pintado de amarelo ó ser unha curva.
- A testemuña dos feitos indica que no momento do seu acaecemento era de día e había unha visibilidade normal.

Resulta polo tanto que o rebaixe da beirarrúa que hai na zona non se trata de ningún defecto ou trampa oculto, por canto ten por obxecto salvar o desnivel da calzada coa beirarrúa, para facilitar o acceso e circulación das persoas con discapacidade. En suposto similar (ditame número 356/2006), o Consello Consultivo de Galicia ten afirmado que o dito rebaixe non é ningún defecto estrutural nin anomalía na beirarrúa que esixa a oportuna sinalización de perigo para os peóns.

Cuarto.- *Consonte co anterior, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración, coa subseguinte indemnización, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, o que leva a cualificar o suceso como un accidente común e polo tanto non indemnizábel pola Administración.*

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Manuel Domínguez Hermida por unha caída ocorrida o día 22 de decembro de 2005 na rúa O Grove, por non resultar convenientemente probado o nexa de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe

15(865).- RECLAMACIÓN DE D^a. MARÍA EUGENIA CABALEIRO ÁLVAREZ DE REPOSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 126/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación de data 07.05.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

“Dna. María Eugenia Cabaleiro Álvarez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 1 de abril de 2004, no que expón que o día 28 de marzo de 2004, mentres camiñaba pola beirarrúa de acceso ó Centro Comercial nº 4 de Coia, sufriu unha caída, producíndose danos tanto de carácter físico como material.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Parte do servizo da Policía Local, de data 28/03/2003, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no domicilio da Sra. Cabaleiro, esta relátalles o accidente que tivera a mediodía; posteriormente, persoados no lugar dos feitos, comprobán a falta dun gran número de lousas.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, de data 08/06/2004, sobre o estado do lugar onde ocorreu o accidente, no que indican que o mal estado era visíbel a longa distancia e evitábel gardando a dilixencia esixíbel; así mesmo, resaltan a posibilidade de que a zona do accidente non sexa pública.*
- *Informe do servizo de Mobilidade e Seguridade, de data 25/08/2004.*
- *Informe do Inventario Municipal, de data 22/02/2005, no que indican que o lugar do accidente non consta de alta no listado de actualización e rectificación do Inventario Municipal.*
- *Decreto do concelleiro delegado de Patrimonio de inadmisión da reclamación presentada de data 28/02/2005.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, de data 02/06/2005, no que indican non haber constancia de ningunha obriga de mantemento ou arranxo do lugar onde ocorreu o accidente por parte do Concello de Vigo.*
- *Decreto do concelleiro delegado de Patrimonio, de data 19/03/2007, de revogación da súa resolución de 28/02/2005, á vista do escrito de data 09/03/2007 do Valedor do Pobo que recomenda que con urxencia se reinicie o expediente de responsabilidade patrimonial.*
- *Evacuase trámite de audiencia á reclamante en data 11/04/2007, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Terceiro.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrucción necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

De conformidade co anterior, das actuacións do expediente, resultan acreditados os seguintes feitos:

- O día 28 de marzo de 2004 ás 15:37 horas a reclamante recibe asistencia médica no servizo de Urxencias do Hospital Xeral Cíes de diversos traumatismos físicos segundo refire tras caída accidental.
- No expediente hai parte do servizo da Policía Local de Vigo, datado no día 28 de marzo de 2003, no que, persoados ás 20:00 horas no domicilio da reclamante á súa instancia, relatándolles esta unha caída na rúa Castelao nº 79, beirarrúa interior con acceso ó Centro Comercial número 4, así como as lesións físicas e a asistencia médica recibida a resultas delas.

- Solicitado informe ó servizo de Vías e Obras do Concello do lugar onde a reclamante manifesta que caeu, este foi emitido o 08/06/2004, unha vez xirada visita de inspección ó lugar, achegando fotografía del, en el se di que a zona en mal estado é visíbel a longa distancia e evitábel gardando a dilixencia debida.
- Non hai no expediente ningunha testemuña presencial dos feitos.

En primeiro lugar, chama a atención que o parte do servizo que a propia reclamante achega estea datado no ano 2003 cando os feitos se refiren ó ano 2004. Non obstante, resulta que non hai ningunha proba, salvo as propias manifestacións da interesada, de que o accidente ocorreu no lugar e nas circunstancias que ela indica, circunstancias nas que por certo se contradi nos seus escritos, por canto non houbo testemuñas directas dos ditos feitos e en informe médico refírese a unha caída na beirarrúa segundo refire a paciente, polo que, como ten dito o Consello Consultivo de Galicia en suposto similar (ditame nº 461/2006), a súa postura non pasa de ser unha mera tese argumental, desprovista dunha mínima eficacia probatoria que, obxectivando as súas alegacións, xustifique verosimilmente aquela aproximación indiciaria ós feitos, polo que a ausencia de proba suficiente aboca á inviabilidade da pretensión practicada.

En todo caso, e sen prexuízo do anterior, os defectos da beirarrúa son visíbeis e patentes a unha longa distancia, e na reclamante non consta ningún defecto físico que lle impedise a súa percepción, polo que de conformidade coa doutrina mencionada do Consello Consultivo de Galicia, así como Tribunal Supremo, a súa petición de indemnización tería que ser desestimada, por falta de control da propia deambulación.

Cuarto.- A interesada reclama no seu escrito de data 01/04/2004 o importe de anteollos graduados e pantalón vaqueiro que di se romperon sen que tampouco achegue ningunha proba ó efecto, sen que un orzamento de compra de data 06/04/2004 duns anteollos sexa suficiente ó efecto por canto nin proba a rotura deles nin que tivo lugar no día e no lugar sinalados.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. María Eugenia Cabaleiro Álvarez por unha caída ocorrida o día 28 de marzo de 2004 na beirarrúa de acceso ó Centro Comercial nº 4, por non resultar convenientemente probado o nexa de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe

16(866).- RECLAMACIÓN DE D^a. M^a JOSEFA PUGA RODRÍGUEZ DE REONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE.879/243. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación de data 04.05.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

“Dna. M^a Josefa Puga Rodríguez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 22 de decembro de 2005, no que expón que o día 18 de abril de

2005, mentres camiñaba pola rúa Lóriga, baixando polas escaleiras cara á rúa Ecuador, sufriu unha caída por mor do mal estado do pavimento, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 10/01/2006, sobre o estado do lugar onde ocorreu o accidente.
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 6.167,25 euros.
- Práctica de proba testifical, en data 30/03/2006, ás testemuñas propostas pola reclamante, que confirman os extremos alegados pola Sra. Puga.
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 10/04/2006.

Fundamentos de dereito

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- É preciso, polo tanto, en primeiro lugar, constatar a existencia dun dano efectivo, individualizado e avaliabel economicamente. E así, solicitado ditame médico ó efecto, neste, consonte co que dispón o artigo 89.5 da Lei 30/1992, se di “A nivel de la mano no se reflejan ni existen informes de que existan informes de que existan secuelas al alta, habiendo sido retirado el material de osteosíntesis y la fractura dorsal presentó una buena evolución. En mi opinión, se computan como secuelas neuralgias intercostales y un Perjuicio estético, considerando que ha necesitado 60 días de incapacidad total y el resto parcial hasta el alta definitiva”.

Terceiro.- No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento extraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de

seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

E así, do exame do expediente resulta que:

- Tanto das fotografías que hai no expediente, achegadas con informe do servizo de Vías e Obras, así como das probas testificais practicadas, constátase o mal estado das escaleiras, que se atopaban rotas, existindo moitos defectos nelas.
- Cando a reclamante caeu, sobre as 19:00 horas, era de día e había unha boa visibilidade segundo as testemuñas, podendo apreciarse que as escaleiras se atopaban rotas a unha distancia normal.
- A reclamante achega copia de escritos de queixa dun veciño da zona dirixidas ó Concello de Vigo sobre a colocación dunha reixa de recollida de augas pluviais na zona, e do deterioro xeral da rúa, así como un do deterioro da zona das escaleiras de data 10/01/2005 parece ser a consecuencia do derribo dunha casa do número 18, imputándolle á empresa construtora o dito deterioro.

De todo o que resulta que os defectos das escaleiras como en xeral da zona eran visíbeis e patentes, o que tería que compeler a unha maior prudencia no camiñar, o que se incrementa no suposto de baixar unhas escaleiras para o que se ten que ver necesariamente ó chan, polo que resulta que soamente a cosecuencia dun despiste ou distracción puido caer a reclamante, consonte coa doutrina citada, xa que nela non se lle coñece ningún defecto ou impedimento que lle limitase a súa percepción, polo que a súa reclamación tería que ser desestimado.

Non obstante, hai unha circunstancia que atempera en parte o anterior, e é a responsabilidade deste Concello por ser coñecedor destes defectos ó seren denunciados con anterioridade. Cómpre indicar ó respecto a xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 22/07/1998), que di que naqueles casos nos que o dano poida acaecer por concorrencia de causas imputábeis unhas á Administración por funcionamento anormal do servizo e outras a persoas alleas e inclusive ó propio prexudicado, proceden criterios de compensación (asumindo cada unha a parte que lle corresponde) ou de atemperar a indemnización as características ou circunstancias concretas do caso examinado.

Cuarto.- Consecuentemente co anterior, pódese concluír que aínda que a neglixencia da vítima interferiu no nexo causal co seu defectuoso control do propio deambular, tendo en conta as circunstancias sinaladas, pódese concluír que hai unha concorrencia de culpas entre a reclamante e a Administración, polo que procede indemnizar a solicitante co 50% da valoración da indemnización por danos corporais estimada no ditame emitido pola Asesoría médica do Concello, isto é, coa cantidade de 3.083,62 euros.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Estimar parcialmente a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. María Josefa Puga Rodríguez por unha caída ocorrida o día 18 de abril de 2005 polas escaleiras da rúa Lóriga e indemnizala coa contía de 3.083,62 euros”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe

17(867).- RECLAMACIÓN DE D. MARCOS VÁZQUEZ GESTAL DE REPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 862/243. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación de data 03.05.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

“D. Marcos Vázquez Gestal presenta reclamación de responsabilidade patrimonial en nome e representación de Dna. Camila Santomé Solla, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 7 de decembro de 2005, no que expón que o día 9 de decembro de 2004, mentres a Sra. Santomé camiñaba pola Gran Vía, á altura do número 114, sufriu unha caída ó tropezar nuna baldosa que se atopaba en mal estado, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe do servizo de Vías e Obras, de data 13/12/2005, sobre o estado da beirarrúa onde ocorreu o accidente, indicando que a zona foi reparada por orde do Concello.*
- *Informe do servizo da Policía Local, de data 30/01/2006, no que indican non teren constancia dos feitos reclamados.*
- *Práctica de proba testifical, en data 23/02/2006, á testemuña proposta pola reclamante, que confirma os extremos alegados pola Sra. Santomé.*
- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 1.564,05 euros.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 09/05/2006.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da

Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulacón, dará lugar á obxectividade dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Terceiro.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993; ditame Consejo de Estado 678/2002). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrucción necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

De conformidade co anterior, das actuacións do expediente, resulta acreditados que:

- Dña. Camila Santomé Solla caeu na rúa Gran Vía á altura do número 114 o día 9 de decembro de 2004 producíndose lesións físicas que o ditame médico solicitado ó efecto valora en 1.564,05 euros.
- De conformidade co informe do servizo de Vías e Obras que hai no expediente, de data 13 de decembro de 2005 o defecto que había na rúa e que segundo a proba testifical practicada provocou a caída era difícil de apreciar debido á diferenza de nivel das baldosas, considerando suficiente para tropezar, sendo reparada “a posteriori por orde do Concello”.

Cuarto.- O artigo 139.2 da Lei 30/1992 establece que en todo caso o dano alegado haberá de ser efectivo, avaliábel economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou a un grupo de persoas.

A reparación dos danos producidos cando se estima que hai nexo causal entre a lesión acaecida e o funcionamento dun servizo da Administración ten que ser “integral”, o que significa deixar indemne á vítima, compensarlle economicamente para restaurar a integridade do seu patrimonio, patrimonio que ten que resultar segundo a doutrina inalterado, procedendo unha indemnización que equivalla ó dano padecido. Ademais, e segundo as sentenzas do Tribunal Supremo de 12/07/1955 e 21/11/1955, a indemnización ten que corresponderse á perda que ó particular se lle cause, pero sen que poida converterse nun motivo de lucro.

Consecuentemente, acreditado no expediente que a reclamante xa foi indemnizada pola lesión producida na cantidade de 413,20 euros é polo que correspondería detraer da cantidade na que se valora a lesión física padecida a cantidade percibida.

Quinto.- Polo exposto, acreditado o nexo causal necesario entre a lesión alegada e o funcionamento dun servizo público municipal, así como que a reclamante percibiu da Mutua Xeral de Previsión do Hogar a cantidade de 413,20 euros, e tendo este procedemento por obxecto a restauración do patrimonio do afectado na valoración efectuada ó efecto, é polo que se debe estimar en parte a reclamación presentada indemnizando a Dña. Camila Santomé Solla na cantidade de 1.150,85 euros.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Estimar a reclamación patrimonial formulada por D. Marcos Vázquez Gestal en nome e representación de Dna. Camila Santomé Solla por unha caída ocorrida o 9 de decembro de 2004 na Gran Vía e indemnizar a Sra. Santomé na cantidade de 1.150,85 euros”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe

18(868).- RECLAMACIÓN DE D. CARLOS FONTÁN DOMÍNGUEZ DE REPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 851/243. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación de data 02.05.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

“D. Carlos Fontán Domínguez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial en nome e representación de D. Juan Carlos Barros Correa, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 30 de novembro de 2005, no que expón que o día 15 de xuño de 2005, o Sr. Barros circulaba co vehículo de súa propiedade, matrícula PO-9924-AX, pola estrada de Foxos (Beade), e tivo un accidente ó saltar un trozo de formigón desde a calzada contra os baixos do vehículo, producíndose danos materiais ó mesmo.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Parte de accidente (danos materiais) do servizo da Policía Local, de data 15/06/2005, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, comprobaron a rotura do cárter do vehículo do Sr. Barros, motivada polo mal estado da calzada.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, de data 09/01/2006, no que indican que a zona fora pavimentada con formigón e que este se esnaquizou; que por debaixo do formigón había unha gabiá tamén desfeita por onde transcorre a rede de sumidoiros; e que entenden que as deficiencias foron producidas polo paso de camións para as obras do Parque Tecnolóxico.*
- *Informe do Inventario Municipal, de data 14/03/2006, indicando que a estrada Foxo (Beade) non figura de alta no inventario municipal, mais si unha estrada de Foxos na parroquia de Valadares.*
- *Informe do servizo de Parque Móbil, de data 22/03/2006, manifestando que os prezos contidos na factura nº 0306 de Electromecánica Valladares, presentada polo reclamante, por un importe de 378,58 euros IVE incluído son correctos.*
- *Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións en data 10/04/2006.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- *Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en cualquiera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

Terceiro.- Consonte coa documentación obrante no expediente, en especial o parte de accidente de data 15/06/2005 da Policía de Vigo, que constatou que o mesmo se produciu a consecuencia de que ó pasar polo lugar un trozo de formigón da calzada se desprende causando os danos así como que observou a mancha de aceite deixada pola rotura do carter do turismo no lugar, sendo arranxada a calzada polo servizo de Vías e Obras do Concello segundo informa o 23/06/2005, é polo que procede estimar a reclamación efectuada, indemnizando ó reclamante na cantidade solicitada.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

Estimar a reclamación de danos formulada por D. Carlos Fontán Domínguez en nome e representación de D. Juan Carlos Barros Correa, polos danos materiais ocasionados ó vehículo de propiedade do Sr. Barros, matrícula PO-9924-AX, accidentado o día 15 de xuño de 2005 na estrada de Foxos e indemnizalo coa contía de 378,58 euros”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe

19(869).- RECLAMACIÓN DE D^a. DOLORES RIVEIRO GONZÁLEZ DE REponsabilidade PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 835/243. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación de data 02.05.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

“Dna. Dolores Riveiro González presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 15 de novembro de 2005, no que expón que o día 10 de setembro de 2005, circulaba co vehículo de súa propiedade, matrícula 8053-CNT, pola rúa Soler, e tivo un accidente ó introducir o vehículo nunha focha existente na calzada, producíndose danos materiais ó mencionado vehículo.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Parte do servizo da Policía Local, de data 09/09/2005, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, a Sra. Riveiro relátalles o accidente que tivera; igualmente comprobaban os danos no vehículo e a existencia da focha, procedendo á súa sinalización.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, de data 01/12/2005, indicando que arranxaron a fochanca o día 23 de setembro.*
- *Informe do servizo de Parque Móbil, de data 04/01/2006, manifestando que os prezos contidos na factura nº T250318 de Talleres Rodovigo, S.L., presentada pola reclamante, por un importe de 213,21 euros IVE incluído son correctos.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, en data 12/01/2006, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así , a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial.

Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

Non obstante, e de conformidade co ditame número 135/2006 do Consello Consultivo de Galicia, o principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial creba cando as condicións obxectivas na vía aperciben a un usuario, minimamente dilixente, sobre a presenza na calzada de elementos materiais insinuantes de perigos potencias que esixen unha adecuación da conducción e un incremento das marxes de precaución para adecuar a velocidade por causa destes elementos circunstanciais que incrementan o risco, enervando así o principio de confianza.

Terceiro.- A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

- Chama a atención que a reclamante sitúa a data e hora dos feitos no día 10/09/2005 sobre as 22:00 horas. Obsérvase que os axentes actuantes sitúana no día 09/09/2005, acudindo ó lugar sobre as 23:00 horas e que a factura de reparación do vehículo é de data 10/09/2005, isto é, do día seguinte por canto os feitos tiveron lugar de noite, polo que é evidente que a reclamante cometeu un erro material na data.
- Por outra banda, se ben os axentes actuantes que acudiron ó lugar observaron a focha así como os danos do vehículo, carécese de ningún dato tanto sobre o seu tamaño como da visibilidade que había sobre ela, por canto o informe do servizo de Vías e Obras solicitado ó efecto carece destes datos se ben lle foron solicitados, limitándose a informar do seu arranxo atendendo a unha chamada da Policía local nese senso.
- Consta no informe da Policía Local que se deixou un cono sinalizando a fochanca, sendo necesaria a súa reparación, o que indica que constituía un perigo para a circulación viaria.
- O informe do Parque Móbil do Concello estima correcto o prezo da factura achegada.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Dolores Riveiro González polos danos materiais ocasionados ó vehículo de súa propiedade, matrícula 8053-CNT, accidentado o día 9 de setembro de 2005 na rúa Soler e indemnizala coa contía de 213,21 euros”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe

20(870).- RECLAMACIÓN DE D. MIGUEL SENDÍN CORREA DE REONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 876/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación de data 04.05.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

“D. Miguel Sendín Correa presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 21 de decembro de 2005, no que expón que o día 13 de xuño de 2005 un sinal de tráfico que se atopaba solto caeu sobre o vehículo de súa propiedade, matrícula PO-7172-AC, na rúa Martínez Garrido o que lle provocou danos materiais, valorados en 250,20 euros.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Parte do servizo da Policía Local, de data 13/06/2005, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, Dna. Paula María Sendín Ríos relátalles o accidente que sufrira o vehículo, indicando unha testemuña do mesmo.*
- *Informe do servizo de Mobilidade e Seguridade, de data 03/11/2006, sobre a existencia de sinais de prohibido aparcarse na zona onde ocorreu o accidente.*
- *Informe do Parque Móbil, de 30/11/2006, comunicando que os prezos contidos no presuposto de Talleres Abreu, presentado polo reclamante, por un importe de 250,20 euros IVE incluído, resultan razoábeis.*
- *Evacúase trámite de audiencia ó reclamante en data 13/12/2006, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Constátase a existencia dun dano efectivo, individualizado e avaliabel economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal

Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Ademais, e de conformidade coa máis recente doutrina xurisprudencial do Tribunal Supremo (STS 27/10/1998), a consideración de feitos que poidan determinar a ruptura do nexos de causalidade ten que se reservar para aqueles que comporten forza maior, ós que importa engadir a intencionalidade da vítima na produción ou o padecemento do dano, ou a gravísima negligencia dela, sempre que estas circunstancias fosen determinantes da existencia da lesión e a conseguinte obriga de soportala.

Terceiro.- O artigo 38.4 do Real Decreto legislativo 339/1990, de 2 de marzo, polo que se aproba o Texto articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de vehículos a motor e Seguridade vial, establece que o rexime de parada e estacionamento en vías urbanas regúlase pola Ordenanza municipal correspondente. A Ordenanza xeral de circulación do termo municipal de Vigo nos seus artigos 13 e seguintes prohiben totalmente a parada e o estacionamento nos carrís ou partes da vía reservados para a utilización, servizo ou circulación d edeterminados usuarios.

Ó respecto hai no expediente informe do servizo de Mobilidade e Seguridade do Concello de Vigo de data 03/11/2006 que di que á altura dos números 75 e 77 de Martínez Garrido hai unha zona de prohibido aparcarse excepto carga e descarga, acoutado con dous sinais R-307 e placa complementaria.

O interesado no seu escrito de entrada 21/12/2005 di que cando acaeceron os feitos o seu vehículo se atopaba estacionado diante da porta da súa vivenda, que o é no enderezo número 75 desa rúa, no que non se pode nin aparcarse nin estacionarse co que a negligencia ó aparcarse no lugar exclúe o requisito da antixuricidade do dano.

En todo caso, cabe destacar que non resultan suficientemente probados os feitos, por canto non se presentaron testemuñas deles nin de que os danos no vehículo o fosen a consecuencia deles xa que un orzamento de reparación de data posterior nada proba ó efecto, e no parte de servizo da Policía Local recóllense os feitos segundo manifestación de Dna. Paula María Sandín.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Miguel Sendín Correa por mor dos danos materiais ocasionados ó vehículo de súa propiedade, matrícula PO-7172-AC, o día 13 de xuño de 2005 na rúa Martínez Garrido”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe

21(871).- RECLAMACIÓN DE D. ÁLVARO RODRÍGUEZ ESTÉVEZ DE REPOSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 892/243. ESTIMADA EN PARTE.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación de data 07.05.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

“D. Álvaro Rodríguez Estévez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 9 de xaneiro de 2006, no que expón que o día 11 de decembro de 2005 circulaba co vehículo de súa propiedade, matrícula 8812-BSP, polo Camiño de Mide e golpeou os baixos do mesmo ó pasar por encima dunha tapa dun sumidoiro cuxo formigón que a rodeaba rebotou, causándose danos materiais ó mesmo.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte de servizo da Policía Local, de data 11/12/2005, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, o Sr. Rodríguez relátalles o accidente que tivera; igualmente, comprobán os danos no vehículo e os desperfectos do sumidoiro de Aqualia.
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 03/02/2006, no que indican que o mantemento dos rexistros da rede de sumidoiros é competencia da U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento de augas.
- Informe do servizo de Parque Móbil, de data 23/02/2006, manifestando que os prezos contidos no informe pericial de Gompaz Peritos, S.L., presentado polo reclamante, por un valor de 3.105,18 euros IVE incluído son correctos.
- Práctica de proba testifical, en data 06/04/2006, ás testemuñas propostas polo reclamante, que confirman os extremos alegados polo Sr. Rodríguez.
- Evacúase trámite de audiencia á U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento de augas, en data 10/04/2006, que non formula alegacións.
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, en data 12/05/2006, que non formula alegacións.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a

Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

No expediente, tanto do parte do servizo da Policía Local levantado ó efecto como das probas testificais practicadas resulta acreditado que o vehículo matrícula 8812-BSP sufriu danos nos baixos ó pasar enriba dunha tapa dun sumidoiro que tiña o seu marco de formigón deteriorado na rúa Mide- Oia en data 11/12/2005, danos que mediante peritaxe valóranse en 3.105,18 euros IVE engadido e que o informe do Parque Móbil solicitado ó efecto estima correctos.

Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigada a indemnizar ó prexudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.l l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril , Reguladora das bases do Réxime local). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.

A responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso, á empresa concesionaria. Á vista da documentación obrante no expediente, existen elementos de xuízo suficientes para entender que a responsabilidade polos danos que motivan a reclamación, pode ser imputada á empresa Aqualia, na súa calidade de concesionaria do servizo municipal de augas, xa que o accidente se produciu debido a existencia dunha focha nunhas obras na acometida de saneamento.

O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece na súa cláusula que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento e na súa cláusula 116.1 que a concesionaria asumirá a responsabilidade que lle corresponda como consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos, quedando obrigada ó resarcemento de todos os danos e perdas que se lle causen a terceiros. Os artigos 128.1 3ª do Decreto de 17 de junio de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de diciembre de 1954, de Expropiación Forzosa impoñen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludibel, e consonte o artigo 123 da mesma lei “Cando se trate de servizos concedidos, a reclamación dirixirase á Administración que outorgou a concesión, na forma prevista no párrafo segundo do artigo 122, a cal resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quén debe pagala, de acordo co párrafo segundo do artículo 121. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso”.

Cuarto.- *Procede non estimar os gastos de peritaxe efectuados, que exceden do concepto de reparación integral do dano, incidindo nel outra causa directamente deteminante á do feito en si imputábel á Administración, que é atribuíbel ó propio prexudicado que o elixiu libremente (STS 10/12/1992) e non presentou o vehículo nas instalacións do Parque Móbil do Concello para a verificación dos danos.*

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

- 1º.- *Estimar en parte a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Álvaro Rodríguez Estévez.*
- 2º.- *Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde á U.T.E. Aqualia-FCC S.A., empresa concesionaria do servizo municipal de augas, de conformidade co establecido no artigo 26 do prego de condicións da concesión administrativa do servizo de xestión integral do abastecemento de auga e do Concello de Vigo, debendo a dita empresa indemnizar á reclamante na contía de 3.105,18 euros, polos danos e perdas sufridos por mor do accidente”.*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe

22(872).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE APARCADOIROS SUBTERRÁNEOS DE USO MIXTO E OUTRO ANEXO PARA RESIDENTES. EXPTE. 72151/210.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 10.05.07 sobre o lote 2 do asunto de referencia, que di o seguinte:

“Adxudicar a Puentes y Calzadas Grupo de Empresas, S.A. o lote 2 do concurso para a xestión do servizo público mediante concesión para a construción e posterior xestión de tres aparcadoiros públicos para vehículos automóbiles nas rúas avenida de Castelao, Genaro de la Fuente e Rosalía de Castro de acordo coas seguintes prescricións:

- 1) *Que o prazo da concesión será 50 anos dende a posta en SERVIZO do aparcadoiro segundo se determina no artigo 5 do PCAP, sendo este prazo improrrogable.*
- 2) *Que o prezo de execución por contrata dos tres aparcadoiros de concesión, segundo se determinan nos orzamentos básicos de execución elévase a cantidade de 37.199.015,95 euros, ive engadido.*
- 3) *Que o importe das tarifas a percibir dos usuarios nas prazas rotatorias en cada un dos aparcadoiros referidas á anualidade 2006, serán as seguintes (ivo engadido)*

Tarifas referidas as fraccións de uso de minutos.

- Aparcadoiro da Avda. Castelao: 2,13 cts. de euro.*
- Aparcadoiro da rúa Genaro de la Fuente: 1,92 cts. de euro.*
- Aparcadoiro da rúa Rosalía de Castro: 1,83 cts. de euro.*

- 4) *Que na urbanización da cuberta o concesionario, en virtude das previsións contidas na cláusula 16 do prego de prescricións Técnicas, obrígase a invertir a cantidade de 20,00 euros por cada m² da area de superficie a*

urbanizar delimitada nos planos do anexo 3. (Esta cantidade enténdese como incremento sobre as cantidades mínimas establecidas na mencionada cláusula 16, é dicir, as inversións comprometidas serán de 125,00 euros por cada m² nas urbanizacións do aparcamento da rúa Rosalía de Castro e de 105,00 euros por m² nas urbanizacións das rúas Xenaro de la Fuente e Castelao. A inversión total prevista resultante de aplicar o prezo metro cadrado ofertado as superficies do anexo 3 é a de 931.938 euros para o aparcamento da Avenida de Castelao, 1.255.206,75 euros para o aparcamento da rúa Genaro de la Fuente e 2.262.767,50 euros para o aparcamento da rúa Rosalía de Castro.

5) Que o importe do prezo para os residentes nas prazas de cesión de uso en cada un dos tres aparcadoiros será, con referencia a anualidade 2006, o seguinte (IVE engadido):

- Aparcadoiro da Avda. Castelao: 27.000,00 euros.
- Aparcadoiro da rúa Genaro de la Fuente: 26.000,00 euros.
- Aparcadoiro da rúa Rosalía de Castro: 38.500,00 euros.

6) Que de conformidade co establecido na artigo 25 do PCAP o concesionario obrígase a establecer un fondo de investimento para obras decenais e extraordinarias de mantemento dun importe anual equivalente ó 0,252 % do orzamento de execución por contrata do proxecto definitivo.

3º.- Non conceder subvencións ás entidades que se relacionan, por no ser conformes coas bases 2ª.b. (Mantemento das entidades que operan no ámbito do movemento veciña); 4ª.1. (programas ou proxectos que para a mesma finalidade, foron solicitados noutras áreas ou servizos do Concello de Vigo); 4ª.2. (programas ou proxectos que teñan unha relación e canle máis específica de subvención con outras áreas do Concello de Vigo ou que o obxecto da petición esta incluído nalgún convenio de colaboración co Concello de Vigo); 4ª.3. (programas nos que os gastos subvencionados leven asociados investimentos en bens de natureza inventariable –infraestrutura e equipamentos-); 5ª (Asociacións inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións); 5ª.e) (que teñan debidamente xustificadas axudas outorgadas nesta área do Concello de Vigo no ano anterior); e 6ª (prazo de presentación das solicitudes e falta de documentación), das reguladoras do Programa, aprobadas en Xunta Local de Goberno de 05.02.07:

	CIF	ASOCIACIÓN	PROXECTO	MOTIVO
1	G36622835	Asociación Persoas Sordas de Vigo	Pola mellora da xestión e a organización da Asociación de Persoas Sordas de Vigo	Base 2ª.b (Gastos asociacións veciñais)
2	G36846865	Asociación de Fibromialgia y SFC de la Provincia de Provincia (AFIBROPO)	Taller da risa: "Combustible ecolóxico"	Base 4ª. 1. (Benestar Social)
3	G36849883	Asociación Autismo Vigo (Denegado o mesmo proxecto en 2006)	Proxecto de actividades lúdicas, culturais e deportivas para persoas que padecen TEA.	Base 4ª. 2. (Benestar Social)
4	G36639110	Unión Musical de Valladares	Participación no XXXIV Certamen Nacional de Bandas de Música.. Gastos correntes de funcionamento	Base 4ª. 2. (Festas)
5	G36828119	Asociación Cultural Corpus Christi de Santa Cristina de Lavadores.	Actividad socio cultural Corpus Christi	Base 4ª. 2. (Festas)
6	G36633154	Grupo de Estudios sobre a Condición da Muller Alecrín	Club cultura Alecrín	Base 4ª. 2. (Muller)

7	G36988889	Asociación Cultural Pliego		Base 5ª (Non está inscrita no RMA)
8	G36634608	Asociación Beiramar		Base 5ª. e) (Falta de xustificación)
9	G36617082	Centro Sociocultural artístico e recreativo de Valladares		Base 6ª (Fóra de prazo)
10	G36819035	Amigos e antigos alumnos da Universidade de Vigo		Base 6ª (Fóra de prazo)
11	G36713758	ANPA "Valentín Paz Andrade"		Base 6ª (Fóra de prazo)
12	G36954634	Asociación de apoio a vítimas y familiares de delitos violentos AVEDEV		Base 6ª.5 (Non contestou ao requirimento)

41(890).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN DE AA.VV. EDUARDO CHAO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA SEREOS. EXPTE. 21497/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de 2.05.07 e de acordo co informe-proposta do 20.04.07, da coordinadora da Oficina técnica do PLDA, o coordinador do Servizo de Benestar Social, a concelleira delegada de Benetar Social e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o texto do Convenio de Colaboración coa Federación de AA.VV "Eduardo Chao", para un Programa Comunitario de Saúde e convivencia de rúa entre iguais, na cidade de Vigo para o ano 2007, dentro dos programas de Prevención do Servizo de Benestar Social realizados no marco do convenio 06-07 coa Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.

2º.- Aprobar o gasto de 15.000 € (quince mil euros) con cargo á partida 3130.2270608 (Plan local de drogas).

3º.- Delegar a competencia de asinar este convenio en dona Marta Iglesias Bueno, Concelleira-Delegada de Benestar Social.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN DE AA.VV "EDUARDO CHAO".

En Vigo a 23 de abril de 2007

REUNIDOS

Dunha parte:

Dna. Marta Iglesias Bueno, Concelleira – Delegada de Benestar Social do Concello de Vigo, nomeada por decreto de Delegación de data 21 de febreiro de 2005, e segundo acordo de Xunta de Goberno Local de data 28 de febreiro de 2005 en representación do mesmo.

doutra

Dna. Elena González Sánchez, Presidenta da Federación de AA.VV “Eduardo Chao” de Vigo, con CIF: G 36681708, con domicilio en Vigo, Praza da Princesa, 7 2º andar 36202 Vigo en representación da mesma

EXPOÑEN

- 1. - Que o Concello de Vigo, e particularmente a Concellería de Benestar Social por ser do seu ámbito de competencia, ten manifestado interese pola prevención do consumo de drogas e a promoción da saúde, que se vén traducindo, dende hai tempo, na asunción de accións encamiñadas non só á prevención senón o tratamento das mesmas, e máis aló, na reinserción. Así no seu momento, asumíu a creación do Centro Municipal de Drogodependencias (CEDRO), e con posterioridade, diversas accións tendentes á promoción de saúde.*
- 2. - Que no traballo desenvolvido, vaise avanzando cara accións máis complexas, como pode se-lo Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adiccións (PLsDA), que abrangue os eidos da prevención, atención e inserción.*
- 3. - Que se vén amosando a necesidade de coordinación e cooperación de tódolos implicados nos eidos de atención da problemática das drogodependencias. Destácase, dende a Concellería de Benestar Social, o papel da prevención, no intento de artellar accións conxuntas dos axentes sociais coa finalidade da promoción da saúde.*
- 4. - Que a necesidade de artella-los medios necesarios para intervir na comunidade facendo prevención, motivou contactos e proxectos de traballo conxuntos cos responsables do programa “Sereos”.*
- 5. - Que se recoñece por parte do Concello de Vigo a capacitación de dita entidade a traveso dos profesionais que nela traballan, como idóneos para executar o programa comunitario de saúde.*

Segundo o manifestado con anterioridade, recoñecéndose expresamente ámbalas dúas partes capacidade de obrar para afrontar-las accións motivo de convenio, acordan subscribi-lo presente acordo coas seguintes

CLAUSULAS

Condicións Básicas:

Primeira. Obxecto - O obxecto do presente convenio é establecer un marco de colaboración para a realización de proxectos e programas de prevención e de promoción da saúde. Particularmente cun Programa Comunitario de saúde e convivencia de rúa entre iguais (“Sereos”), da Federación de AA.VV “Eduardo Chao”.

Segunda. Finalidade - A finalidade do convenio é o desenvolvemento de accións, na modalidade de actividades e proxectos, que impliquen á comunidade, encamiñadas á prevención, principalmente selectiva, segundo un modelo de promoción de saúde. Para elo, desenvolverase o Programa “Sereos” denominado Programa Comunitario de saúde e convivencia de rúa entre iguais na cidade de Vigo, cuxa memoria foi presentada pola Federación de AA.VV “Eduardo Chao” no mes de abril de 2007 e que se incorpora a este Convenio como ANEXO I.

Terceira : Funcións - A Federación de AA.VV “Eduardo Chao” será a encargada de levar a cabo as accións necesarias para a realización do programa recollido do ANEXO I.

Será función do Concello facer fronte os gastos polo importe conveniado. Así mesmo, o seguimento, control e avaliación última da realización dos mesmos, a través da Comisión de Seguimento que se contempla na cláusula sexta.

Cuarta: Destinatarios - serán destinatarios do programa motivo do convenio as persoas veciñas do Casco Vello de Vigo que carecen de recursos económicos suficientes para cubrir as súas necesidades básicas e entre eles podemos atopar dende persoas en drogadicción activa ou que exercen a prostitución ata persoas maiores soas cunha pensión moi baixa.

Quinta : Custo e financiamento - O custo do programa ascenderá a un total de 21.686 € (vinteun mil seiscientos oitenta e seis) euros. O financiamento será con cargo ó Concello de Vigo por un importe de 15.000 €, partida 313.0.227.06.08 [2007], correspondendo á Federación de AA.VV “Eduardo Chao” afrontar o resto do custo ata a súa totalidade con cargo ós seus recursos propios ou a outras aportacións.

A aportación municipal incluída neste convenio non poderá ser obxecto de incremento ningún.

Sexta : Comisión de Seguimento - Para o seguimento do convenio, así como para a resolución das dificultades que poidan xurdir no desenvolvemento do mesmo, constitúese unha Comisión de Seguimento, composta a partes iguais polas persoas designadas polo Concello e pola Federación de AA.VV “Eduardo Chao”, e presidida pola Sra. Concelleira de Benestar Social.

Como complemento e de xeito conxunto, o desenvolvemento do presente convenio, contará cunha Comisión Técnica de Seguimento formada por técnicos municipais do Servizo de Benestar Social e da Federación de AA.VV “Eduardo Chao”. Dita comisión terá como cometido avaliar de xeito conxunto o desenvolvemento do proxecto, artella-los medios técnicos apropiados, e reorienta-las actividades e mesmo os proxectos, segundo a evolución do Programa.

Sétima : Difusión do proxecto - a difusión do proxecto, no relativo á súa divulgación nos medios de comunicación, será realizada a iniciativa do Concello de Vigo, con cargo ó custo do programa.

Toda difusión das actividades que se faga deberá contar coa conformidade previa do Concello.

En toda publicidade das actividades obxecto deste Convenio deberá aparecer de xeito visible o logotipo e identificación do Concello de Vigo, así como o da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia-Comisionado do Plan de Galicia sobre Drogas.

Como norma xeral, e de non manifestarse en contrario, todo o relacionado coa publicitación do programa nos medios de comunicación (notas de prensa, entrevistas, etc.) será competencia do Concello de Vigo.

O Concello de Vigo será o interlocutor con tódalas institucións ou entidades que participen no programa, e calquera realización conxunta de actividades ou colaboracións coas mesmas, deberá contar co visto e prace deste Concello.

Oitava : Obrigas da Federación Veciñal “Eduardo Chao” e o Grupo de autoapoio VIH/Sida e adiccións “Imán”

Polo presente convenio a Federación de AA.VV “Eduardo Chao” comprométese a:

- *Desenvolve-las actividades que compoñen o proxecto e que se especifican no anexo I, atendendo ás orientacións e/ou variacións que se poidan acordar por ámbalas dúas partes, e segundo as prioridades marcadas dende o Concello.*
- *Dispoñe-los medios técnicos, materiais e humanos para o correcto desenvolvemento de aquelas. Desenvolverase o Programa contando co persoal técnico do que dispón, sendo responsable a Federación de AA.VV “Eduardo Chao” de dispor doutro complementario de ser necesario.*
- *Encargarse de face-lo pagos das cantidades correspondentes a terceiros no que respecta a publicidade, seguros, material, etc., motivados polas accións emprendidas neste convenio.*
- *Comprométese e responsabilizarse de que tódalas actividades desenvolvidas contén cos seguros (sociais, de responsabilidade civil, ...), etc... cara a súa correcta execución.*
- *A redacción de textos, material gráfico e publicidade tanto do Proxecto como das actividades concretas que o compoñen.*

- *Facilita-la inspección, control, etc. de persoal técnico do departamento de Benestar Social do Concello de Vigo.*
- *Presentar ó Concello informes periódicos do desenvolvemento do proxecto, e un informe de avaliación final completo.*
- *Introducir calquera outra acción tendente ó correcto desenvolvemento do mesmo, sempre de acordo coas orientacións xerais do Concello e da Comisión de Seguimento en concreto.*

Novena : - Obrigas do Concello de Vigo - Por este convenio, e para o desenvolvemento do mesmo, este Concello de Vigo obrígase a:

- *Artella-los medios técnicos para a orientación, supervisión e avaliación das actividades.*
- *Dispoñe-los medios económicos precisos para cubri-los gastos das actividades presentadas, polo importe máximo marcado no presente convenio (31.000 euros).*

Acordos para resolucións, cancelamento ou renovación:

Décima - Como norma última, será o Concello, o que teña a capacidade de decisión definitiva no referido ó presente Convenio ou accións nel incluídas, caso de non existir acordo entre as partes.

Undécima - O incumprimento do especificado no clausulado, poderá ser motivo de cancelamento da execución deste convenio, unha vez oída a Comisión de Seguimento.

De ser a Federación de AA.VV “Eduardo Chao” a que non cumprira o acordado, suporá o cancelamento dos pagamentos pendentes. No caso de non executarse actividades e terse librado de xeito adiantado algunha cantidade, motivará o reintegro da mesma no momento do cancelamento.

Pagamento e xustificación:

Duodécima : Pagamento - o Concello de Vigo aboará unha cantidade inicial de 7.500 (sete mil cincocentos) euros, no momento da sinatura do Convenio, para facer fronte ós gastos xerados polo comenzo das actividades.

O resto do importe da cantidade presupostada 7.500 (sete mil cincocentos) euros, aboarase unha vez sexa xustificada, previa certificación, a realización da totalidade do proxecto por parte do funcionario referido, tras da presentación por parte da Federación de AA.VV “Eduardo Chao” da correspondente memoria final e os debidos xustificantes.

As actividades que non se desenvolvan, producirán un desconto proporcional nas cantidades acordadas do convenio, caso de non ser substituídas por outras segundo acordo da Comisión de Seguimento.

Décimo terceira - a xustificación do gasto farase a traveso do persoal técnico do Servizo de Benestar Social que forme parte da Comisión de Seguimento, e o funcionario encargado será o autorizado a da-lo visto e prace á xustificación da realización das actividades, para o posterior aboamento, previa presentación das memorias parciais ou totais e as facturas e/ou xustificantes da cantidade aportada polo Concello de Vigo, e de acordo co exposto na cláusula duodécima.

Vixencia:

Décimo cuarta - O presente convenio terá vixencia ata o 31 de decembro de 2007.

Acordo final:

Décimo quinta - Este convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Federación de AA.VV “Eduardo Chao”, poderá ter algunha ampliación nos contidos, actividades, etc., de ser así acordado polos asinantes a través da Comisión de Seguimento. Deberá facerse constar nun anexo, informado debidamente polos técnicos municipais, e sen que supoña aumento nas cantidades conveniadas ou modificación dos contidos fundamentais de aquél. Todo isto sen que sexa preciso a sinatura dun novo convenio.

Estando de acordo ámbalas dúas partes co anteriormente manifestado, asinan o presente convenio en Vigo a.

42(891).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN ALBORADA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA “CREATIVE” DE PREVENCIÓN DO CONSUMO DE DROGAS EN CENTROS ESCOLARES. EXPTE. 21510/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de 2.05.07 e de acordo co informe-proposta do 23.04.07, da coordinadora da Oficina técnica do PLDA, o coordinador do Servizo de Benestar Social, a delegada de Benestar Social e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o texto do Convenio de Colaboración coa Asociación Alborada, para un Programa de Prevención do Consumo de Drogas en Centros Escolares (alumnos, pais e educadores), na cidade de Vigo para o ano 2007, dentro dos programas de Prevención do Servizo de Benestar Social realizados no marco do convenio 06-07 coa Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.

2º.- Aprobar o gasto de 20.000 € (vinte mil euros) con cargo á partida 3130.2270608 (Plan local de drogas).

3º.- Delegar a competencia de asinar este convenio en dona Marta Iglesias Bueno, Concelleira-Delegada de Benestar Social.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACION ALBORADA

En Vigo a 23 de abril de 2007

REUNIDOS

Dunha parte:

Dna. Marta Iglesias Bueno, Concelleira – Delegada de Benestar Social do Concello de Vigo, nomeada por decreto de Delegación de data 21 de febreiro de 2005, e segundo acordo de Xunta de Goberno Local de data 28 de febreiro de 2005 en representación do mesmo.

doutra

D. Julián San Segundo Vegazo, con DNI: 34.676.435, Presidente da Asociación Alborada, con CIF G- 36.624.969, con domicilio en Vigo, r/ Isaac Peral, nº 6, 36.201 Vigo en representación da mesma

EXPOÑEN

1. - Que o Concello de Vigo, e particularmente a Concellería de Benestar Social por ser do seu ámbito de competencia, ten manifestado interese pola prevención do consumo de drogas e a promoción da saúde, que se vén traducindo, dende hai tempo, na asunción de accións encamiñadas non só á prevención senón o tratamento das mesmas, e máis aló, na reinserción. Así no seu momento, asumíu a creación do Centro Municipal de Drogodependencias (CEDRO), e con posterioridade, diversas accións tendentes á promoción de saúde.
2. - Que no traballo desenvolvido, vaise avanzando cara accións máis complexas, como pode se-lo Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adiccións (PLsDA), que abrangue os eidos da prevención, atención e inserción.
3. - Que se vén amosando a necesidade de coordinación e cooperación de tódolos implicados nos eidos de atención da problemática das drogodependencias. Destácase, dende a Concellería de Benestar Social, o papel da prevención, no intento de artellar accións conxuntas dos axentes sociais coa finalidade da promoción da saúde.
4. - Que a necesidade de artella-los medios necesarios para intervir na comunidade facendo prevención, avanzando dunha prevención primaria a outra de carácter secundario, motivou contactos e proxectos de traballo conxuntos coa Asociación Alborada, como o referido PLsDA.
5. - Que se recoñece por parte do Concello de Vigo a capacitación de dita entidade a traveso dos profesionais que nela traballan, como os máis idóneos para executar diversos programas de promoción da saúde

Segundo o manifestado con anterioridade, recoñecéndose expresamente ámbalas dúas partes capacidade de obrar para afrontar-las accións motivo de convenio, acordan subscribi-lo presente acordo coas seguintes

CLAUSULAS

Condicións Básicas:

Primeira. Obxecto - O obxecto do presente convenio é establecer un marco de colaboración para a realización de proxectos e programas de prevención e de promoción da saúde. Particularmente cun Proxecto dirixido a alumnos, pais e educadores de centros escolares da cidade no eido da prevención selectiva, coa Asociación Alborada.

Segunda. Finalidade - A finalidade do convenio é o desenvolvemento de accións, na modalidade de actividades e proxectos, que impliquen á comunidade e particularmente, ó colectivo xove, encamiñadas á prevención, principalmente selectiva, segundo un modelo de promoción de saúde. Para elo, desenvolverase o Proxecto "Creative" denominado Programa de Prevención do Consumo de drogas en centros escolares (alumnos, pais e educadores) na cidade de Vigo, cuxa memoria foi presentada pola Asociación Alborada no mes de febreiro de 2007 e que se incorpora a este Convenio como ANEXO I.

Terceira : Funcións - A Asociación Alborada será a encargada de levar a cabo as accións necesarias para a realización do programa recollido do ANEXO I.

Será función do Concello facer fronte os gastos polo importe conveniado. Así mesmo, o seguimento, control e avaliación última da realización dos mesmos, a través da Comisión de Seguimento que se contempla na cláusula sexta.

Cuarta: Destinatarios - serán destinatarios do programa motivo do convenio os alumnos, pais e educadores de centros escolares do término municipal de Vigo, no canto á prevención do consumo de drogas.

Quinta : Custo e financiamento - O custo do programa ascenderá a un total de 49.000 (corenta e nove mil) euros. O financiamento será con cargo ó Concello de Vigo por un importe de 20.000 €, partida 313.0.227.06.08 [2007], correspondendo á Asociación Alborada afrontar o resto do custo ata a súa totalidade con cargo ós seus recursos propios ou a outras aportacións.

A aportación municipal incluída neste convenio non poderá ser obxecto de incremento ningún.

Sexta : Comisión de Seguimento - Para o seguimento do convenio, así como para a resolución das dificultades que poidan xurdir no desenvolvemento do mesmo, constitúese unha Comisión de Seguimento, composta a partes iguais polas persoas designadas polo Concello e por Alborada, e presidida pola Sra. Concelleira de Benestar Social.

Como complemento e de xeito conxunto, o desenvolvemento do presente convenio, contará cunha Comisión Técnica de Seguimento formada por técnicos municipais do Servizo de Benestar Social e da Asociación Alborada. Dita comisión terá como cometido avaliar de xeito conxunto o desenvolvemento do proxecto, artella-los medios técnicos apropiados, e reorienta-las actividades e mesmo os proxectos, segundo a evolución do Programa.

Sétima : Difusión do proxecto - a difusión do proxecto, no relativo á súa divulgación nos medios de comunicación, será realizada a iniciativa do Concello de Vigo, con cargo ó custo do programa.

Toda difusión das actividades que se faga deberá contar coa conformidade previa do Concello.

En toda publicidade das actividades obxecto deste Convenio deberá aparecer de xeito visible o logotipo e identificación do Concello de Vigo, así como o da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia-Comisionado do Plan de Galicia sobre Drogas.

Como norma xeral, e de non manifestarse en contrario, todo o relacionado coa publicidade do programa nos medios de comunicación (notas de prensa, entrevistas, etc.) será competencia do Concello de Vigo.

O Concello de Vigo será o interlocutor con tódalas institucións ou entidades que participen no programa, e calquera realización conxunta de actividades ou colaboracións coas mesmas, deberá contar co visto e prace deste Concello.

Oitava : Obrigas da Asociación Alborada.

Polo presente convenio Alborada comprométese a:

- a) Desenvolve-las actividades que compoñen o proxecto e que se especifican no anexo I, atendendo ás orientacións e/ou variacións que se poidan acordar por ámbalas dúas partes, e segundo as prioridades marcadas dende o Concello.*
- b) Dispoñe-los medios técnicos, materiais e humanos para o correcto desenvolvemento de aquelas. Alborada, desenvolverá o Programa contando co persoal técnico do que dispón no seu centro, sendo responsable de dispor doutro complementario de ser necesario.*
- c) Encargarse de face-lo pagos das cantidades correspondentes a terceiros no que respecta a publicidade, seguros, material, etc., motivados polas accións emprendidas neste convenio.*
- d) Comprométese e responsabilizarse de que tódalas actividades desenvolvidas contén cos seguros (sociais, de responsabilidade civil, ...), etc... cara a súa correcta execución.*
- e) A redacción de textos, material gráfico e publicidade tanto do Proxecto como das actividades concretas que o compoñen.*
- f) Facilita-la inspección, control, etc. de persoal técnico do departamento de Benestar Social do Concello de Vigo.*
- g) Presentar ó Concello informes periódicos do desenvolvemento do proxecto, e un informe de avaliación final completo.*
- h) Introducir calquera outra acción tendente ó correcto desenvolvemento do mesmo, sempre de acordo coas orientacións xerais do Concello e da Comisión de Seguimento en concreto.*

Novena : - Obrigas do Concello de Vigo - Por este convenio, e para o desenvolvemento do mesmo, este Concello de Vigo obrígase a:

- a) Artella-los medios técnicos para a orientación, supervisión e avaliación das actividades.*

b) *Dispoñe-los medios económicos precisos para cubri-los gastos das actividades presentadas, polo importe máximo marcado no presente convenio (31.000 euros).*

Acordos para resolucións, cancelamento ou renovación:

Décima - Como norma última, será o Concello, o que teña a capacidade de decisión definitiva no referido ó presente Convenio ou accións nel incluídas, caso de non existir acordo entre as partes.

Undécima - O incumprimento do especificado no clausulado, poderá ser motivo de cancelamento da execución deste convenio, unha vez oída a Comisión de Seguimento.

De ser a Asociación Alborada a que non cumprira o acordado, suporá o cancelamento dos pagamentos pendentes. No caso de non executarse actividades e terse librado de xeito adiantado algunha cantidade, motivará o reintegro da mesma no momento do cancelamento.

Pagamento e xustificación:

Duodécima : Pagamento - o Concello de Vigo aboará unha cantidade inicial de 10.000 (dez mil) euros, no momento da sinatura do Convenio, para facer fronte ós gastos xerados polo comenzo das actividades.

O resto do importe da cantidade presupostada 10.000 (dez mil) euros, aboarase unha vez sexa xustificada, previa certificación, a realización da totalidade do proxecto por parte do funcionario referido, tras da presentación por parte da Asociación Alborada da correspondente memoria final e os debidos xustificantes.

As actividades que non se desenvolvan, producirán un desconto proporcional nas cantidades acordadas do convenio, caso de non ser substituídas por outras segundo acordo da Comisión de Seguimento.

Décimo terceira - a xustificación do gasto farase a traveso do persoal técnico do Servizo de Benestar Social que forme parte da Comisión de Seguimento, e o funcionario encargado será o autorizado a da-lo visto e prace á xustificación da realización das actividades, para o posterior aboamento, previa presentación das memorias parciais ou totais e as facturas e/ou xustificantes da cantidade aportada polo Concello de Vigo, e de acordo co exposto na cláusula duodécima.

Vixencia:

Décimo cuarta - O presente convenio terá vixencia ata o 31 de decembro de 2007.

Acordo final:

Décimo quinta - Este convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación Alborada, poderá ter algunha ampliación nos contidos, actividades, etc., de ser así acordado polos asinantes a través da Comisión de Seguimento. Deberá facerse constar nun anexo, informado debidamente polos técnicos municipais, e sen que supoña aumento nas cantidades conveniadas ou modificación dos contidos fundamentais de aquél. Todo isto sen que sexa preciso a sinatura dun novo convenio.

Estando de acordo ámbalas dúas partes co anteriormente manifestado, asinan o presente convenio en Vigo a...

43(892).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A COMUNIDADE DE MONTES EN MAN COMÚN DE CANDEÁN PARA A CESIÓN DUNHA PARCELA NO MONTE VIXIADOR. EXPTE. 51568/250.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 16.05.07 e de acordo co informe-proposta do coordinador da Área de Servizos Xerais, do 13.03.07, conformado polo concelleiro delegado da Área de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o convenio de colaboración coa Comunidade de Montes de Man Común de Candeán, que de seguido se transcribe.

2º.- Someter as obrigas municipais previstas nas cláusulas segunda e terceira do convenio referentes a compromisos que asumen as partes e o orzamento á condición suspensiva da existencia de crédito adecuado e suficiente para facer fronte a dita obriga, para o que iniciárase o regulamentario expediente de modificación orzamentaria.

3º.- Autorizar á Sra. Alcaldesa para a súa sinatura.

PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A COMUNIDADE DE MONTES EN MAN COMÚN DE CANDEÁN.

Na cidade de Vigo ade de 2007.

REUNIDOS:

Dunha parte, a Excm. Sra. Dona Corina Porro Martínez, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Vigo.

E doutra, Don Jesús Rodríguez Soto, na súa calidade de Presidente da Xunta Rectora da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Candeán, tal como acredita mediante certificación que se adxunta.

Ambas partes de común acordo

EXPOÑEN:

I.- Que a Xunta de Goberno Local do Concello con data adoptou o acordo cuxa copia se adxunta que aprobou o presente documento e que é preciso suscribir neste intre para que adquiera eficacia.

II.- Que asimesmo a Asamblea Xeral da Comunidade de Montes de Candeán en reunión celebrada o día 13 de decembro de 2006 tamén aprobou este instrumento co quorum previsto no artigo 18.1 da Ley 13/1989 de 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común, facultando ao seu Presidente para a sinatura (adxúntase copia do acordo).

En dito acordo figura que se cede unha superficie de ata 1100 m2, cando segundo son precisos 1050 m2.

III.- Que a referida Lei 13/1989 de 10 de outubro, no seu artigo 5 permite ás comunidades de montes en Man Común a cesión de terreos por tempo indefinido ás Administracións Públicas, cando sexan destinados a equipamentos en prol da propia Comunidade e en tanto se manteña o fin para o que foi feita a cesión.

En consecuencia ambas partes suscriben o presente Convenio con arranxo ás seguintes

CLAUSULAS:

Primeira.- Obxeto:

O obxeto do presente Convenio é establecer as condicións para a cesión por parte da Comunidade de Montes en Man Común de Candeán ao Concello de Vigo dunha parcela no Monte Vixiador dunha superficie de 1050 m², e cos seguintes lindeiros: norte, camiño; sur, este e oeste, outros terreos do Monte Vixiador, tal como se reflicte nos planos de situación e deslinde que se adxuntan como anexo a este Convenio, coa finalidade de que o Concello execute as obras do proxecto de abastecemento da zona alta de Cabral-Candeán, redactado pola consultora “Consulting e Ingeniería Internacional, S.A.” (CIISA).

A cesión faise por tempo indefinido en tanto se manteña o fin para o que se fai.

Segunda.- Compromisos que asumen as partes:

A Comunidade de Montes asume o compromiso de ceder a parcela obxecto deste Convenio que se formalizará en escritura pública e a incluír nos seus orzamentos anuais as cantidades precisas para facer fronte aos gastos de construción do edificio proxectado.

Pola súa parte o Concello asume, a cambio, os seguintes compromisos:

a) Dirixir as obras de restauración do edificio sito no Monte Vixiador con destino a fins culturais e recreativos, que foi destruído por un incendio e sempre que a Comunidade de Montes solicite e obteña as autorización e permisos oficiais necesarios.

b) Redactar o proxecto técnico e acometer as obras e instalacións precisas para suministrar enerxía eléctrica a o referido inmovible por un importe máximo de 330.000 euros.

Para isto a Xunta Rectora da Comunidade de Montes de Candeán remitirá ao Concello o proxecto técnico de edificio que pretende construír.

c) Sufragar todos os gastos e impostos derivados da elevación a escritura pública da cesión da parcela.

Tercera.- Orzamento:

Para o cumprimento das obrigas municipais establecidas na cláusula anterior o Concello comprométese a incluír no seu orzamento as cantidades precisas para facer fronte ás obrigacións que contrae neste documento.

Cuarta.- Duración:

O presente Convenio terá unha duración dun ano, prorrogándose tácitamente en períodos de igual duración en tanto persistan as obrigas ás que se compromenten cada unha das partes neste documento.

Quinta.- Resolución:

Serán causas de resolución deste Convenio as seguintes:

- a) Mútuo acordo das partes.
- b) Incumprimento grave do seu contido.
- c) Finalización do seu obxeto.

Sexta.- Entrada en vigor:

O presente Convenio entrará en vigor e surtirá efectos dende a data na que se asina polas partes intervinentes.

Sétima.- Procedemento de solución de discrepancias:

O presente Convenio conta con natureza administrativa, polo que as discrepancias que poidan prantexarse ao longo da súa execución procurarán resolverse amistosamente entre as partes, para o que poderán recurrir aos procedementos de mediación e arbitraje. De manterse as discrepancias, calquera das partes poderá presentar o correspondente recurso ante os órganos competentes da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

En proba de conformidade ambas partes asinan o presente Convenio e a documentación que o acompaña por duplicado e a un só efecto, no lugar e data indicada no encabezamento.

44(893).- PROXECTO DE CONVENIO CO GRUPO C. ALETHEIA PARA CELEBRACIÓN DE XORNADAS DE FILOSOFÍA “ECOLOXÍA E BIOÉTICA”. EXPTE. 10255/331.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 15.05.07, os documentos contables RC, e de acordo co informe-proposta do xefe do Departamento de Cultura, do 11.05.07, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Asociación Cultural Grupo Aletheia, CIF G36659258, para a organización dunhas Xornadas de Filosofía programadas pola Concellería de Cultura baixo o título “Ecoloxía e bioética”, que se realizarán do 16 ó 19 de outubro de 2007 en Vigo.

2º.- Autorizar un gasto a favor da A.C. Grupo Aletheia de 14.000 € (catorce mil euros, con cargo á partida 4510.226.06.00 “Foros culturais”, en concepto de compensación pola organización das Xornadas de Filosofía.”

PROXECTO CONVENIO CONCELLO DE VIGO- A.C. GRUPO ALETHEIA PARA REALIZACIÓN DAS
XORNADAS DE FILOSOFÍA
“Ecoloxía e bioética”

En Vigo, a ____ de _____ de dous mil siete.

REUNIDOS

Dunha parte, D. Ignacio López-Chaves Castro, concelleiro-delegado do área de Cultura do Concello de Vigo e en representación desta administración municipal, con CIF P-3605700-H, e con enderezo na praza do Rei s/nº.

Doutra parte, D. Avelino Muleiro García, presidente da A.C. Grupo Aletheia, con CIF G36659258, e con enderezo na rúa Álvaro Cunqueiro 36, 3º C, da cidade de Vigo, CP 36211.

MANIFESTAN

1.- A Concellería-delegada da Área de Asuntos Sociais do Concello de Vigo pretende o potenciamento da actividade cultural da cidade, para o que ven desenvolvendo diversos programas que contribúen á análise do fenómeno cultural nas súas máis diversas manifestacións.

2.- Que baixo a denominación “Ecoloxía e bioética” poden abordarse diversos temas que hoxe afectan á pervivencia dos seres humanos: as posibilidades inéditas da tecnociencia, o control ético da bioética, o medio ambiente e o progreso, os movementos migratorios e os problemas derivados, a ecoloxía e a absolutización da Natureza, o progreso da biomedicina e o respecto á vida humana, etc.

3.- O tratamento das cuestións presentadas deben ser analizadas nunhas xornadas de filosofía abertas ao público en xeral e ademais con recoñecemento académico, xustificado pola orixe universitaria e investigadora dos relatores.

4.- A A.C. Grupo Aletheia é unha organización sen ánimo de lucro que pretende difundir os valores da filosofía, da análise e da reflexión en todos os ámbitos posibles e está disposta a colaborar co Concello de Vigo naquelas actividades relacionadas cos seus obxectivos.

CLAÚSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto.

O presente convenio suscríbese co obxectivo de realizar as XORNADAS de FILOSOFÍA “Ecoloxía e Bioética”, que promoven conxuntamente a Concellaría-delegada da Área de Asuntos Sociais e mais a A.C. Grupo Aletheia, coa colaboración doutras entidades, como forma de potenciar as manifestacións culturais da cidade.

SEGUNDA.- Orzamento e financiamento.

O orzamento xeral da programación das Xornadas de Filosofía, con todos os conceptos e impostos incluídos, ascende a un gasto total de 16.000 € dos que 14.000 € se financiarán con cargo á partida 4510.226.06.00 “Foros culturais” do orzamento municipal prorrogado no actual exercicio económico, e os outros 2.000 € financianse pola entidade organizativa a través de recursos propios ou que procuren.

O Concello de Vigo ou a A.C. Grupo Aletheia poderán procurar financiamento das Xornadas de Filosofía a través de entidades públicas ou privadas.

TERCEIRA.- Datas e lugares.

As Xornadas “Conflito de civilizacións” terán lugar do 16 ao 19 de outubro de 2007 no Salón de Actos da Fundación Caixagalicia, rúa Policarpo Sanz nº 21 de Vigo. O programa detallado e o orzamento achéganse a este convenio nun ANEXO.

CUARTA.- Destinatarios e sistema de acceso.

As xornadas están destinadas ao público en xeral e contan cun número limitado de 150 prazas. A inscrición é gratuíta e realízase a través da A.C. Grupo Aletheia ou, directamente, no local das xornadas no momento do seu inicio (se houbera prazas dispoñibles).

QUINTA.- O A.C. Grupo Aletheia comprométese a:

- *Asumir a organización das Xornadas de Filosofía, en particular os seguintes aspectos:*
- *Seleccionar aos relatores e organizarlles as viaxes e estadias.*
- *Atención aos ponentes, moderadores e representantes das entidades organizadoras, dende a súa chegada á cidade até a súa saída, incluíndo os traslados, comidas e ceas.*
- *Atención ao público: información, inscricións, entrega de documentación e certificados, etc.*
- *Difusión e comunicación sobre as xornadas: edición, distribución e/ou instalacións, de folletos, carteis, dossiers, diplomas, rotulacións; etc. Información aos medios de comunicación en coordinación coa Concellaría-delegada da Área de Asuntos Sociais.*
- *Asumir os gastos derivados dos parágrafos anteriores.*
- *Controlar a asistencia dos inscritos, de acordo coas normas da Consellaría de Educación da Xunta de Galicia, co obxecto de xestionar as certificacións académicas.*
- *Procurar o financiamento complementario do custo das xornadas.*
- *Resolver con carácter xeral calquera detalle organizativo que non estea expresamente asumido polo Concello de Vigo.*
- *Cumprir o programa obxecto deste convenio segundo o proxecto detallado no anexo; comunicarlle á Concellaría-delegada da Área de Asuntos Sociais os cambios que se puidesen producir no momento en que se teña noticia deles co obxecto de recabar a conformidade da Concellaría-delegada da Área de Asuntos Sociais coas modificacións.*
- *Presentar no Concello de Vigo unha memoria-avaliación do programa obxecto deste convenio, dentro dos 10 días seguintes á súa finalización. Como mínimo, a memoria incluírá os datos de participación, os detalles do desenvolvemento das actividades, a memoria de prensa e medios de comunicación, un rexistro fotográfico ou audiovisual, o balance económico con detalle de gastos e ingresos.*

SEXTA.- O CONCELLO DE VIGO a través da súa CONCELLARÍA-DELEGADA DA ÁREA DE ASUNTOS SOCIAIS obrígase a:

Aboarlle ao Grupo Aletheia un importe total de 14.000 €. como compensación dos gastos orixinados polos conceptos detallados na cláusula anterior; tras os informes técnicos correspondentes e a aprobación da memoria polo concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais.

SÉTIMA.- Unidade xestora e mecanismos de seguimento do convenio.

A xestión deste convenio corresponderalle á unidade de Cultura do Concello de Vigo e o seu seguimento realizarase a través do A.C. Grupo Aletheia, da presenza de persoal do Departamento de Cultura do Concello nas actividades programadas e dos informes ou memoria correspondentes.

A tal efecto e co fin garantir o cumprimento do redactado neste Convenio, crearase unha comisión de coordinación e seguimento do mesmo, presidida polo Concelleiro-delegado do Área de Asuntos Sociais e formada por un representante da entidade organizativa das Xornadas, A.C. Aletheia e un representante do departamento de Cultura nomeados a tal fin.

OITAVA.- Difusión.

A produción do material gráfico relacionado coas Xornadas de Filosofía será asumida integramente pola A.C. Grupo Aletheia. O material editado deberá contar coa conformidade previa da Concellaría-delegada da Área de Asuntos Sociais e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

O anagrama-logotipo do Concello de Vigo-Concellaría-delegada da Área de Asuntos Sociais figurará debidamente nos soportes publicitarios que se produzan, ademais das lendas que se acorden. Tamén figurarán os anagramas-

logotipos das entidades colaboradoras nas xornadas que determine a Concellaría-delegada da Área de Asuntos Sociais.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, entrevistas, traballos, etc) deberá estar previamente acordada coa Concellaría-delegada da Área de Asuntos Sociais.

NOVENA.- Sistemas de pagamento.

O Concello de Vigo aboaralle ao A.C. Grupo Aletheia o importe de 14.000 € por transferencia bancaria á conta n. 0468/0040105822 que a citada entidade ten aberta na oficina da praza da Independencia de Caixanova a nome de Grupo Aletheia; despois da aprobación da memoria-avaliación, tras os informes técnicos favorables de técnicos da unidade de seguimento do convenio e do concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais.

DÉCIMA.- Incumprimentos.

O incumprimento das obrigas estipuladas neste convenio poderá significar a súa cancelación.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Vixencia, prorrogabilidade e mecanismos de denuncia.

O presente convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura até o día 31 de decembro 2007.

DÉCIMO SEGUNDA.- Resolución de controversias e desenvolvemento.

A Xunta de Goberno Local queda facultada para solucionar as controversias derivadas da execución e o Concelleiro de Cultura adoptará as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

En proba de conformidade asinan, por triplicado exemplar, o presente convenio na data xa indicada.

XORNADAS DE FILOSOFÍA
“Ecoloxía e Bioética”
Salón de actos da Fundación Caixagalicia

16, 17, 18 e 19 de outubro de 2006

PROGRAMA

Día 16, martes

17.00h: APERTURA DAS XVII XORNADAS.

17.30h: MARÍA CASADO: Bioética e Dereitos Humanos.

19.00h: Descanso

19.30h: XAVIER PASTOR: Os problemas ecolóxicos e as súas consecuencias inmediatas.

21.00h: Final.

Día 17, mércores

17.00h: PABLO DE LORA DELTORO: Procreación, beneficencia e non-maleficencia

18.30h: Descanso

19.00h: MIGUEL FERRER: A Crise da Biodiversidade: o home e outras especies ameazadas

20.30h.: Final.

Día 18, xoves

17.00h: JESÚS MOSTERÍN: Bioética e investigación científica

18.30h: Descanso
19.00h: JAVIER SÁDABA: Bioética, inmigración e mestizaxe
20.30h: Final.

Día 19, venres

17.00h: MARÍA TERESA MIRAS PORTUGAL: ¿Ten límites a ciencia nas súas investigacións?
18.30h: Descanso
19.30h.: VICTORIA CAMPS: O principio de autonomía e as súas perversións
21.00h: CLAUSURA

XORNADAS DE FILOSOFÍA
PRESUPOSTO

ORZAMENTO

GASTOS.

1.- Emolumentos conferenciantes:.....	6.000 €
2.- Viaxes:.....	3.000 €
3.- Hotel:.....	2.500 €
4.- Comidas:.....	2.000 €
5.- Carteis, programas, carpetas:.....	2.000 €
6.- Comunicacóns: fax, teléfono, cartas, etc.....	500 €
TOTAL GASTOS:.....	16.000 €

INGRESOS:

1.- Concello de Vigo:.....	14.000 €
2.- Consellería de Cultura:.....	1.000 €
3.- Secretaría Xeral de Política Lingüística:.....	1.000 €
.....	
TOTAL INGRESOS:.....	16.000 €

XVII XORNADAS DE FILOSOFÍA

16-19 de outubro de 2007

DIFUSIÓN E FUNCIONAMENTO

DIFUSIÓN DAS XORNADAS DE FILOSOFÍA EN VIGO

A publicidade das Xornadas de Filosofía abrangue os seguintes ámbitos:

- 1.- Edición e distribución pola cidade de 1.000 carteis, deseñados polo pintor Antón Pulido.
- 2.- Presentación das Xornadas en rolda de prensa, presidida polo concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais.
- 3.- Edición e distribución de 3.000 dípticos co programa das xornadas.

4.- Distribución de carteis e dípticos co programa a todos os centros de ensino público e privado de Galicia, universidades españolas e principais institucións galegas.

5.- Notas de prensa da temática das xornadas día a día.

6.- Entrevistas nos medios de comunicación cos relatores das xornadas.

FUNCIONAMENTO DAS XORNADAS DE FILOSOFÍA EN VIGO

1.- As Xornadas de Filosofía son abertas ao público en xeral, se ben son de máis interese para profesores universitarios e de ensino secundario.

2.- A inscrición é gratuíta.

3.- A inscrición nas Xornadas de Filosofía pode realizarse previamente enviando os datos persoais ao apartado de correos 5350, por correo electrónico (xornadasaletheia@yahoo.es) ou no momento mesmo da apertura das xornadas (se houbera prazas dispoñibles).

4.- Outorgaráselles un diploma de asistencia a todos os asistentes que teñan xustificada unha presenza mínima do 60% do programa. Ao profesorado recoñeceráselle vinte horas por parte da Consellería de Educación, útiles para sexenios e outras actividades docentes.

45(894).- CONTRATACIÓN DO CONCERTO SPIRITS JAZZ BAND PARA O FESTIVAL INTERNACIONAL DE JAZZ “IMAXINA SONS’07”. EXPTE. 10243/331.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de actividades culturais, do 7.05.07, conformado polo xefe do Departamento de Cultura, o concelleiro da Área de Asuntos Sociais e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de contrato, que de seguido se transcribe, para a contratación, por procedemento negociado sen publicidade, dacordo co previsto no art. 210.b do RD 2/2000, do grupo *SPIRITS JAZZ BAND* para a realización de dous espectáculos de público familiar e pasarrúas, dentro do programa do *Festival Internacional de Jazz “Imaxina Sons’07”*.

2º.- Facultar ao concelleiro da Área de Asuntos Sociais para asinar o presente contrato.

3º.- Autorizar un gasto por un importe total de 24.592.-€, con cargo á partida 451.0.226.08.03 do programa presupostario de Cultura prorrogado para o presente exercicio, en concepto da contratación do referido espectáculo e que se aboará a KACHET LOXÍSTICA DO ESPECTÁCULO S.L., con CIF B-15422892.

4º.- Que o pagamento se realice a través da conta de habilitación AUT 20 CULTURA CONCELLO DE VIGO 2091 0501 61 3110002567.

PROXECTO DE CONTRATO DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS PARA ACTUACIÓN ARTÍSTICA

SPIRITS JAZZ BAND

Festival de Jazz de Vigo “IMAXINA SONS’07”

En Vigo, o XXXX de XXXXXXXX de 2007

Dunha parte D. Ignacio López-Chaves Castro, en calidade de concelleiro da Área de Asuntos Sociais, e en representación do CONCELLO DE VIGO, CIF P-3605700-H , con domicilio social en Vigo, Praza do Rei s/n, CP 36202, que no presente contrato denominarase O CONCELLO.

Doutra parte D. Francisco Javier Viéitez Cendón, NIF 35281887-W, en calidade de ADMINISTRADOR e en representación da empresa denominada KACHET LOXÍSTICA ESPECTACULAR S.L., CIF B-15422892, con domicilio social na cidade de Santiago, Polígono do Tambre, V. Edison 19 E, CP 15890; no sucesivo A AXENCIA.

Ámbalas dúas partes, na representación que ostentan, recoñécense capacidade xurídica suficiente para celebrar o presente contrato que rexirá de conformidade ás seguintes

CLÁUSULAS

OBXECTO DO CONTRATO

PRIMEIRA.- O CONCELLO contrata á AXENCIA para que realice os seguintes espectáculos:

- Espectáculo para público familiar “DE SALZBURGO A NUEVA ORLEÁNS”, no sucesivo O ARTISTA, o sábado día 23 de xuño, ás 18,00 horas, no recinto denominado auditorio do Concello situado na cidade de Vigo. O ARTISTA efectuará unha actuación cunha duración mínima de 45 minutos.
- Espectáculo músico-teatral para público familiar “BASURA, QUÉ HERMOSURA”, no sucesivo O ARTISTA, o domingo día 24 de xuño, ás 12,00 horas, no recinto denominado auditorio do Concello situado na cidade de Vigo. O ARTISTA efectuará unha actuación cunha duración mínima de 45 minutos
- Pasarrúas co grupo SPIRITS JAZZ BAND, no sucesivo O ARTISTA, os días 25, 26 e 27 de xuño, tres pases diarios, nos lugares e rúas da cidade de Vigo a determinar polo CONCELLO. O ARTISTA efectuará cada pasarrúas cunha duración mínima de 45 minutos.

Estes espectáculos inclúese no FESTIVAL INTERNACIONAL DE JAZZ DE VIGO “IMAXINA SONS’07”, que programa e organiza o departamento de Cultura do Concello de Vigo.

VALIDEZ

SEGUNDA.- A validez deste contrato será efectiva dende o momento en que se encontre en poder da AXENCIA, debidamente asinado e selado en todas as súas follas, incluídas as do ANEXO.

RETRIBUCION E GASTOS

TERCEIRA.- A AXENCIA percibirá unha retribución de 21.200.- Euros máis 3.392.- Euros (en concepto de 16 % de IVE), o que fai un importe total de 24.592.-Euros (VINTECATRO MIL CINCOCENTOS NOVENTA E DOUS), en concepto da realización dos espectáculos do ARTISTA; este concepto tamén inclúe o seu equipo técnico e humano necesario, ademáis dos correspondentes desprazamentos, aloxamentos e mantenza.

O pagamento deste importe realizarase mediante transferencia bancaria a favor da empresa XXXXXXXXXXXXX, na conta XXXXXXXXXXXXXXXXXXXX, ao día seguinte do derradeiro dos espectáculos contratados, previa presentación de factura que se axustará aos requisitos establecidos no Real Decreto 1496/2003, do 28 de novembro.

CUARTA.- Serán de conta do CONCELLO todos os gastos que se xeneren como consecuencia dos espectáculos, entre os que se inclúen a modo de exemplo os de organización, xestión, seguros, publicidade e dereiros de autor.

PERMISOS

QUINTA.- O CONCELLO, como organizador, responsabilizarase da obtención dos permisos necesarios para a celebración das actuacións no lugar e data determinados.

AFORO E ENTRADAS

SEXTA.- Os pasarrúas realizaranse en zonas exentas de tráfico rodado, cun aforo de público indefinido, de acceso libre e gratuíto.

No caso dos outros dous espectáculos a celebrar no auditorio do Concello, O CONCELLO porá á venda 298 entradas en cada caso, a un prezo de 3.-€ adultos e 2.-€ até 12 anos, e será o total beneficiario de ambas recaudacións. O CONCELLO entregará 10 invitacións á AXENCIA para cada un dos espectáculos.

IMAXE DO ARTISTA

SÉTIMA.- O CONCELLO non poderá comercializar por si ou a través de terceiros, en ningún momento, algunha mercadoría ou produto vinculados aos espectáculos obxecto deste contrato que utilice a imaxe, o nome ou logotipo do ARTISTA, sen o previo consentimento da AXENCIA, por escrito. A AXENCIA reservarase o dereito da explotación de produtos relacionados co ARTISTA no día e lugar do pasarrúas, acordando previamente co CONCELLO o lugar exacto e demais condicións de venda.

OITAVA.- Para efectuar calqueira retransmisión radiofónica, televisiva, toma de vídeo, fotografías ou calquera outro medio de gravación, será obrigatorio obter por escrito autorización da AXENCIA.

NOVENA.- A AXENCIA fixará os contactos promocionais oportunos, consistentes en citas e en entrevistas cos medios de comunicación e demais persoas vinculadas ao espectáculo, polo que disporá dos pases necesarios ao lugar dos espectáculos a fin de atender os seus compromisos.

A AXENCIA comunicará ao CONCELLO, con sete días de antelación, as normas para que os medios de comunicación poidan realizar a cobertura informativa dos espectáculos. No caso contrario, enténdese que os medios acreditados polo CONCELLO poderán rexistrar imaxes e son dos cinco primeiros minutos dos espectáculos.

PUBLICIDADE

DÉCIMA.- O CONCELLO, dende a sinatura do presente contrato, comprométese a realizar unha campaña de publicidade axeitada aos espectáculos, para o que A AXENCIA porá á súa disposición os elementos publicitarios que se consideren necesarios.

PATROCINIOS

DÉCIMO PRIMEIRA.- O CONCELLO poderá contar coa colaboración de institucións públicas ou empresas privadas no seu programa xeral de actividades do festival, o que implica que se reserva o dereito de poder exhibir publicidade ou anagramas dos seus colaboradores na publicidade xeral, así como no recinto dos espectáculos e nos seus aledaños.

O Festival Internacional de Jazz de Vigo IMAXINA SONS'07 está patrocinado a nivel xeral pola entidade FUNDACIÓN CAIXANOVA, e conta ademais coa colaboración da Consellería de Cultura e Deportes da Xunta de Galicia, a S.A. Plan de Xestión do Xacobeo, o Instituto Camoes e a AIE, polo que os seus logos aparecerán inexcusablemente na súa publicidade xeral.

DÉCIMO SEGUNDA.- Se os espectáculos ou xira do ARTISTA dispón dalgún patrocinador, A AXENCIA, cunha antelación mínima de 30 días respecto á data dos mesmos, comunicará esta situación ao CONCELLO, quen poderá cancelar o contrato se existise algunha incompatibilidade cos seus propios patrocinadores. Neste caso, o CONCELLO comunicará esta circunstancia á AXENCIA nun prazo de 10 días, sen que corresponda indemnización algunha á AXENCIA.

SEGURIDADE DO PASARRÚAS

DÉCIMO TERCEIRA.- O CONCELLO responsabilizarase da seguridade xeral dos espectáculos, polo que serán da súa conta a contratación dos medios mínimos definidos neste contrato ou no seu anexo, ademais do que se derive do Regulamento xeral de policía de espectáculos e actividades recreativas e outra lexislación aplicable.

DÉCIMO CUARTA.- Sen perxuízo das responsabilidades que se poideran atribuír á AXENCIA ou ao ARTISTA sobre o cumprimento da súas obrigas en materia de seguridade, O CONCELLO cumprirá coas que lle correspondan.

DÉCIMO QUINTA.- O CONCELLO será responsábel de impedir que se introduzan no local dos espectáculos obxectos que puideran resultar perigosos para a integridade física das persoas ou que poidan causar danos materiais aos elementos que formen parte do espectáculo.

DÉCIMO SEXTA.- O CONCELLO asume a obriga de garantir que en ningún caso o público teña acceso en xeral a aquelas zonas que se definan como perigosas para as persoas ou para o bo desenvolvemento dos espectáculos.

DÉCIMO SÉTIMA.- O CONCELLO responderá da perda ou deterioro de todos os obxectos que O ARTISTA instale no local dos espectáculos, tanto dos instrumentos e materiais de escenario, como dos efectos persoais de camerino, sempre e cando A AXENCIA entregue antes da súa entrada no recinto unha declaración escrita na que se detalle ese material ao CONCELLO.

INSTALACIÓNS

DÉCIMO OITAVA.- O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA o recinto dos espectáculos dende as 9 horas da data da súa celebración e até dúas horas despois da súa finalización.

DÉCIMO NOVENA.- As instalacións, dependencias, persoal e servizos do lugar dos espectáculos estarán en perfecto estado de dispoñibilidade, según as obrigas e condicións definidas en este contrato e o seu anexo, para asumir polo CONCELLO.

SUSPENSIÓN DO PASARRÚAS

VIXÉSIMA.- Se por calquera causa allea á AXENCIA, incluso fenómenos atmosféricos ou de forza maior, un ou varios dos espectáculos houberan de suspenderse, A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións. A

decisión sobre a suspensión será tomada conxuntamente entre os representantes da AXENCIA e do CONCELLO, mediante a sinatura dunha acta de conformidade.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- Se dende a sinatura do presente documento, O CONCELLO decidira suspender os espectáculos unilateralmente, A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- Só no caso de enfermidade ou forza maior xustificada do ARTISTA ou dalgún compoñente do seu equipo que lle impida cumprir os compromisos adquiridos mediante o presente documento, poderá A AXENCIA rescindir o mesmo, sen ningún dereito a indemnización por parte do CONCELLO; neste caso, A AXENCIA non percibirá cantidade algunha do pactado no presente contrato.

INCUMPRIMENTOS E COMPROMISOS

VIXÉSIMO TERCEIRA.- O incumprimento, total ou parcial, por parte do CONCELLO do establecido en calquera das estipulacións do presente documento, facultará á AXENCIA a rescindir o contrato.

VIXÉSIMO CUARTA.- O CONCELLO non asume respecto ao ARTISTA ou á AXENCIA ningunha outra obriga ou compromiso que non estea indicado expresamente neste contrato e nos seus Anexos.

XURISDICIÓN

VIXÉSIMO QUINTA.- As partes contratantes sométense aos Tribunais da xurisdición que corresponda á cidade onde se realiza o pasarrúas, con expresa renuncia de calquera outro foro de xurisdición que puidera corresponderlles, para resolver cantas cuestións puidieran derivarse con motivo da interpretación ou cumprimento do presente contrato.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e a un só efecto, no lugar e data indicados.

ANEXO DE CONDICIÓN TÉCNICAS PARA OS ESPECTÁCULOS NO AUDITORIO DO CONCELLO

1. INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS.

1.1. ESCENARIO.

A AXENCIA coñece e acepta as condicións de escenario existentes no recinto de actuación.

1.2. SON E ILUMINACIÓN.

A AXENCIA instalará os seus propios elementos de escenario, equipos de son e iluminación

1.4 RECINTO E INSTALACIÓNS.

O CONCELLO e A AXENCIA coñecen e aceptan as características xerais do local e as súas instalacións e considéranas axustadas ás necesidades do concerto.

2. ACOMETIDAS ELÉCTRICAS.

As instalacións eléctricas para a celebración do concerto serán a cargo do CONCELLO e reunirán as seguintes características:

Descrición.- Unha toma de corrente cun cadro interruptor con diferencial e todas as proteccións regulamentarias, tres fases (380 voltios), neutro e toma de terra (en tomas embornadas), para unha potencia de 70.000 wattios.

Situación.- A toma estará a pé de escenario.

As instalacións eléctricas do lugar do concerto axustaranse necesariamente ás normativas vixentes e O CONCELLO disporá da documentación que o acredite.

3. CAMERINOS.

O CONCELLO proveerá ao ARTISTA dun local a modo de camerino de uso exclusivo, aillados do público, próximos ao escenario e con acceso directo ao mesmo, con capacidade suficiente para as características do espectáculo.

Os camerinos estarán limpos e debidamente acondicionados, provistos dos seguintes elementos: servizos , luz eléctrica, enchufes a 220 voltios, cadeiras, mesas, espellos, toallas, xabón, papel hixiénico e pechadura con chave.

Ninguén alleo á AXENCIA ou ao ARTISTA, sen a súa autorización, accederá aos camerinos, que estarán dispoñíbeis e vixiados dende o inicio das montaxes ata o final da desmontaxe. O CONCELLO facilitará á AXENCIA ou ao ARTISTA o acceso inmediato aos camerinos cando estes llo requiran.

4. CATERING.

O CONCELLO deberá suministrar no camerino do ARTISTA cunha antelación de UNHA HORA respecto á hora do comezo do concerto o catering, que de forma xeral consistirá en: auga mineral, refrescos, bocadillos variados, frutos secos, café e té.

Tamén O CONCELLO proveerá de auga mineral aos técnicos antes (montaxes), durante e despois (desmontaxes) do concerto.

5. VEHÍCULOS.

O CONCELLO facilitará o acceso dos vehículos que transporten o equipo do ARTISTA até o escenario a fin de poder cargalo e decargalo. Finalizados os traballos de carga e descarga, A AXENCIA deberá retirar os vehículos.

6. MERCHANDISING.

O CONCELLO facilitaralle, se é o caso, á AXENCIA un espazo e mesa para o “merchandising” do ARTISTA, e unha persoa para a súa atención e venda.

7. PERSOAL DE PRODUCCIÓN.

7.1. RESPONSÁBEL DE PRODUCCIÓN.

O CONCELLO designará a unha persoa como único interlocutor válido ante A AXENCIA para as cuestións de produción e organización relacionadas co concerto. A AXENCIA coñecerá de antemán a identidade do responsábel da produción, que estará presente no lugar do concerto á hora que se acorde para iniciar as montaxes. Durante o tempo de vixencia do contrato, o responsábel da produción estará permanentemente localizábel.

7.2. PERSOAL DE CARGA E DESCARGA.

O CONCELLO facilitaralle á AXENCIA un equipo de CATRO persoas para tarefas de carga e descarga dos equipos; este persoal estará a disposición da AXENCIA dende o momento da chegada do equipo; o persoal volverá a estar dispoñíbeis inmediatamente despois da finalización do concerto para a carga.

7.3. ELECTRICISTA.

O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA un electricista cualificado e coñecedor da instalación do lugar do concerto, que terá que estar presente á chegada dos equipos do ARTISTA, durante as probas de son ou ensaios técnicos e durante o concerto. O resto do tempo no que estea vixente o contrato, estará permanentemente localizábel.

7.4. MANTEMENTO.

O CONCELLO ocuparáse do mantemento das instalacións do local do concerto, polo que disporá ao seu cargo do persoal e materiais axeitados.

8. VIXILANCIA E SEGURIDADE.

O CONCELLO disporá dun equipo humano para realizar o servizo de vixilancia e seguridade que estará formado por persoal civil e especializado, e que deberá impedir a proximidade de persoas ao escenario, camerinos, “backstage”, equipos de son e luces, etc., de forma efectiva pero absolutamente respetuosa coas persoas. Este servizo cumprirá as obrigas de seguridade que se atribúen ao CONCELLO neste contrato.

O servizo de vixilancia e seguridade estará dispoñíbel dende 30 minutos antes do concerto até o final do mesmo. O persoal de seguridade atenderá

- zona de camerinos
- acceso ao escenario e “backstage”
- equipos de son e de iluminación

As indicacións dos responsábeis de produción designados polo CONCELLO, co obxecto de contribuir ao bo desenvolvemento do concerto e dar cobertura ás obrigas adquiridas polo CONCELLO ante A AXENCIA e O ARTISTA, en canto á vixilancia e seguridade.

En todo momento á zona de backstage só poderá acceder o persoal relacionado coa AXENCIA, O ARTISTA e o persoal de organización do CONCELLO. Todo o persoal relacionado co concerto deberá levar en lugar visible unha acreditación.

Dende 15 (quinze) minutos antes do momento de comezo da actuación, O CONCELLO montará un dispositivo de seguridade integrado, como mínimo, por CATRO persoas identificábeis con acreditacións visíbeis.

O CONCELLO comunicará á AXENCIA a identidade da persoa que dirixirá o servizo de vixilancia e seguridade, que estará permanentemente localizábel durante a vixencia do contrato e no lugar do concerto dende o momento de inicio da montaxe do dispositivo de seguridade, que funcionará antes do comezo da actuación.

9. ACTUACIÓN E ENSAIO.

9.1. DISPONIBILIDADE DE ESCENARIO E ACOMETIDAS ELÉCTRICAS.

Durante a xornada completa do día do concerto

9.2. ENSAIO TÉCNICO.

O ARTISTA precisa realizar un ensaio técnico no lugar do concerto, que terá unha duración de DÚAS horas aproximadamente, e que se realizará o día da actuación no horario que determine o CONCELLO.

9.3. HORARIO.

O concerto comezará con estricteza puntualidade á hora fixada neste contrato, que será a anunciada ao público, momento no que entrará en funcionamento a totalidade do dispositivo de seguridade e terán que estar finalizados todos os ensaios técnicos.

10. PUBLICIDADE.

A AXENCIA porá a disposición do CONCELLO, coa suficiente antelación, o material básico para a promoción do concerto

Ámbalas dúas partes comprométese a cumprir todos os compromisos integrados neste contrato e anexo de condicións técnicas do espectáculo; así como a acordar outras estipulacións que contribúan á perfecta realización da actuación.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e a un só efecto, no lugar e data indicados.

46(895).- CONTRATACIÓN DO CONCERTO DA ORCHESTRE NATIONAL DE JAZZ PARA O FESTIVAL INTERNACIONAL DE JAZZ “IMAXINA SONS’07”. EXPTE. 10208/331.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de actividades culturais, do 25.04.07, conformado polo xefe do Departamento de Cultura, o concelleiro da Área de Asuntos Sociais e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de contrato, que de seguido se transcribe, para a contratación, por procedemento negociado sen publicidade, dacordo co previsto no art. 210.b do RD 2/2000, dun concerto de *ORCHESTRE NATIONAL DE JAZZ*, o día 28 de xuño, ás 23,00 horas, na praza do Rei, dentro do programa do *Festival Internacional de Jazz “Imaxina Sons’07”*.

2º.- Facultar ao concelleiro da Área de Asuntos Sociais para asinar o presente contrato.

3º.- Autorizar un gasto por un importe total de 24.360.-€, con cargo á partida 451.0.226.08.03 do programa presupostario de Cultura prorrogado para o presente exercicio, en concepto da contratación do referido espectáculo e que se aboará a NORDESÍA PRODUCCIÓN S.L., con CIF B-15547235.

4º.- Que o pagamento se realice a través da conta de habilitación AUT 20 CULTURA CONCELLO DE VIGO 2091 0501 61 3110002567.

*PROXECTO DE CONTRATO DE PRESTACIÓN DE SERVICIOS PARA ACTUACIÓN ARTÍSTICA
ORCHESTRE NATIONAL DE JAZZ
Festival de Jazz de Vigo “IMAXINA SONS’07”*

En Vigo, o XXXX de XXXXXXXXX de 2007

Dunha parte D. Ignacio López-Chaves Castro, en calidade de concelleiro da Área de Asuntos Sociais, e en representación do CONCELLO DE VIGO, CIF P-3605700-H , con domicilio social en Vigo, Praza do Rei s/n, CP 36202, que no presente contrato denominarase O CONCELLO.

Doutra parte D. Francisco Javier Viéitez Cendón, NIF 33281887-W, en calidade de ADMINISTRADOR e en representación da empresa denominada NORDESÍA PRODUCCIONES S.L., CIF B-15547235, con domicilio social na cidade de Santiago, rúa Galeras, 17, 2º of. 5, CP 15705; no sucesivo A AXENCIA.

Ámbalas dúas partes, na representación que ostentan, recoñécense capacidade xurídica suficiente para celebrar o presente contrato que rexirá de conformidade ás seguintes

CLÁUSULAS

OBXECTO DO CONTRATO

PRIMEIRA.- O CONCELLO contrata á AXENCIA para que realice un concerto do grupo ORCHESTRE NATIONAL DE JAZZ, dirección Franck Tortiller, “Close to Heaven. Tribute a Led Zepellin”, no sucesivo O ARTISTA, o xoves 28 xuño de 2007, ás 23,00 horas, no recinto ao aire libre denominado Praza do Rei situado na cidade de Vigo. O ARTISTA efectuará un concerto dunha duración mínima de 60 minutos.

Este concerto inclúese no FESTIVAL INTERNACIONAL DE JAZZ DE VIGO “IMAXINA SONS’07”, que programa e organiza o departamento de Cultura do Concello de Vigo.

VALIDEZ

SEGUNDA.- A validez deste contrato será efectiva dende o momento en que se encontre en poder da AXENCIA, debidamente asinado e selado en todas as súas follas, incluídas as do ANEXO.

RETRIBUCION E GASTOS

TERCEIRA.- A AXENCIA percibirá unha retribución de 21.000.- Euros máis 3.360.- Euros (en concepto de 16 % de IVE), o que fai un importe total de 24.360.-Euros (VINTE CATRO MIL TRESCENTOS SESENTA), en concepto da realización do concerto do ARTISTA; este concepto tamén inclúe o seu equipo técnico e humano necesario, ademáis dos correspondentes desprazamentos, aloxamentos e mantenza.

O pagamento deste importe realizarase mediante un talón nominativo a favor de Nordesía Produccións S.L., que lle será entregado a Francisco Javier Viéitez Cendón, NIF 33.281.887-W ou persoa en quen delegue previa

comunicación escrita ao CONCELLO, momentos antes do comezo do concerto, co ARTISTA no recinto, previa presentación de factura que se axustará aos requisitos establecidos no Real Decreto 1496/2003, do 28 de novembro.

CUARTA.- Serán de conta do CONCELLO todos os gastos que se xeneren como consecuencia do concerto, entre os que se inclúen a modo de exemplo os de organización, xestión, seguros, publicidade e dereiros de autor.

PERMISOS

QUINTA.- O CONCELLO, como organizador, responsabilizarase da obtención dos permisos necesarios para a celebración da actuación no lugar e data determinados.

AFORO E ENTRADA

SEXTA.- O recinto da actuación é de aforo indefinido, e a entrada será libre e gratuíta. De todos modos, O CONCELLO instalará un total de 800 cadeiras para o público.

IMAXE DO ARTISTA

SÉTIMA.- O CONCELLO non poderá comercializar por si ou a través de terceiros, en ningún momento, algunha mercadoría ou produto vinculados ao concerto obxecto deste contrato que utilice a imaxe, o nome ou logotipo do ARTISTA, sen o previo consentimento da AXENCIA, por escrito. A AXENCIA reservarase o dereito da explotación de produtos relacionados co ARTISTA no día e lugar do concerto, acordando previamente co CONCELLO o lugar exacto e demais condicións de venda.

OITAVA.- Para efectuar calqueira retransmisión radiofónica, televisiva, toma de vídeo, fotografías ou calquera outro medio de gravación, será obrigatorio obter por escrito autorización da AXENCIA. Por este motivo, O CONCELLO non permitirá a entrada no local do concerto de ningún tipo de cámara de vídeo ou cine, gravadoras ou calquera instrumento ou aparato que rexistre ou reproduza son ou imaxe. O CONCELLO advertirá ao público sobre a imposibilidade de acceder ao local con estes obxectos.

NOVENA.- A AXENCIA fixará os contactos promocionais oportunos, consistentes en citas e en entrevistas cos medios de comunicación e demais persoas vinculadas ao espectáculo, polo que disporá dos pases necesarios ao lugar do concerto a fin de atender os seus compromisos.

A AXENCIA comunicará ao CONCELLO, con sete días de antelación, as normas para que os medios de comunicación poidan realizar a cobertura informativa do concerto. No caso contrario, enténdese que os medios acreditados polo CONCELLO poderán rexistrar imaxes e son dos cinco primeiros minutos do concerto.

PUBLICIDADE

DÉCIMA.- O CONCELLO, dende a sinatura do presente contrato, comprométese a realizar unha campaña de publicidade axeitada ao concerto, para o que A AXENCIA porá á súa disposición os elementos publicitarios que se consideren necesarios.

PATROCINIOS

DÉCIMO PRIMEIRA.- O CONCELLO poderá contar coa colaboración de institucións públicas ou empresas privadas no seu programa xeral de actividades do festival, o que implica que se reserva o dereito de poder exhibir

publicidade ou anagramas dos seus colaboradores na publicidade xeral, así como no recinto do concerto e nos seus aledaños, excepto no escenario, co obxecto de evitar a asociación da imaxe do ARTISTA cos citados colaboradores.

O Festival Internacional de Jazz de Vigo IMAXINA SONS'07 está patrocinado a nivel xeral pola entidade FUNDACIÓN CAIXANOVA, e conta ademais coa colaboración da Consellería de Cultura e Deportes da Xunta de Galicia, a S.A. de Xestión do Plan do Xacobeo, o Instituto Camoes e a AIE, polo que os seus logos aparecerán inexcusablemente na súa publicidade xeral.

DÉCIMO SEGUNDA.- Se o concerto ou xira do ARTISTA dispón dalgún patrocinador, A AXENCIA, cunha antelación mínima de 30 días respecto á data do concerto, comunicará esta situación ao CONCELLO, quen poderá cancelar o contrato se existise algunha incompatibilidade cos seus propios patrocinadores. Neste caso, o CONCELLO comunicará esta circunstancia á AXENCIA nun prazo de 10 días, sen que corresponda indemnización algunha á AXENCIA.

SEGURIDADE DO CONCERTO

DÉCIMO TERCEIRA.- O CONCELLO responsabilizarase da seguridade xeral do concerto, polo que serán da súa conta a contratación dos medios mínimos definidos neste contrato ou no seu anexo, ademais do que se derive do Regulamento xeral de policía de espectáculos e actividades recreativas e outra lexislación aplicábel; sen perxuízo da responsabilidade que corresponda ao propietario do local do concerto.

DÉCIMO CUARTA.- Sen perxuízo das responsabilidades que se poideran atribuír á AXENCIA ou ao ARTISTA sobre o cumprimento da súas obrigas en materia de seguridade, O CONCELLO cumprirá coas que lle correspondan.

DÉCIMO QUINTA.- O CONCELLO será responsábel de impedir que se introduzan no local do concerto obxectos que puideran resultar perigosos para a integridade física das persoas ou que poidan causar danos materiais aos elementos que formen parte do concerto.

DÉCIMO SEXTA.- O CONCELLO asume a obriga de garantir que en ningún caso o público teña acceso ao escenario, estruturas e equipos de son e luces, camerinos, etc., e, en xeral, aquelas zonas que se definan como perigosas para as persoas ou para o bo desenvolvemento do concerto.

DÉCIMO SÉTIMA.- O CONCELLO responderá da perda ou deterioro de todos os obxectos que O ARTISTA instale no local do concerto, tanto dos instrumentos e materiais de escenario, como dos efectos persoais de camerino, sempre e cando A AXENCIA entregue antes da súa entrada no recinto unha declaración escrita na que se detalle ese material ao CONCELLO.

INSTALACIÓNS

DÉCIMO OITAVA.- O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA o recinto do concerto desde as 9:00 horas do día do concerto e até as tres horas despois da súa finalización.

DÉCIMO NOVENA.- As instalacións, dependencias, persoal e servizos do lugar do concerto estarán en perfecto estado de dispoñibilidade, según as obrigas e condicións definidas en este contrato e o seu anexo, para asumir polo CONCELLO.

SUSPENSIÓN DO CONCERTO

VIXÉSIMA.- Se por calquera causa allea á AXENCIA, incluso fenómenos atmosféricos ou de forza maior, o concerto houbera de suspenderse, A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións. A decisión sobre a suspensión será tomada conxuntamente entre os representantes da AXENCIA e do CONCELLO, mediante a sinatura dunha acta de conformidade.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- Se dende a sinatura do presente documento, O CONCELLO decidira suspender o concerto unilateralmente, A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- Só no caso de enfermidade ou forza maior xustificada do ARTISTA ou dalgún compoñente do seu equipo que lle impida cumprir os compromisos adquiridos mediante o presente documento, poderá A AXENCIA rescindir o mesmo, sen ningún dereito a indemnización por parte do CONCELLO; neste caso, A AXENCIA non percibirá cantidade algunha do pactado no presente contrato.

INCUMPRIMENTOS E COMPROMISOS

VIXÉSIMO TERCEIRA.- O incumprimento, total ou parcial, por parte do CONCELLO do establecido en calquera das estipulacións do presente documento, facultará á AXENCIA a rescindir o contrato.

VIXÉSIMO CUARTA.- O CONCELLO non asume respecto ao ARTISTA ou á AXENCIA ningunha outra obriga ou compromiso que non estea indicado expresamente neste contrato e nos seus Anexos.

XURISDICIÓN

VIXÉSIMO QUINTA.- As partes contratantes sométense aos Tribunais da xurisdición que corresponda á cidade onde se realiza o concerto, con expresa renuncia de calquera outro foro de xurisdición que puidera corresponderlles, para resolver cantas cuestións puideran derivarse con motivo da interpretación ou cumprimento do presente contrato.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e a un só efecto, no lugar e data indicados.

47(896).- SUBVENCIÓN Á FUNDACIÓN LAXEIRO PARA PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E FUNCIONAMENTO DA MESMA DURANTE O ANO 2007. EXPTE. 10217/331.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de actividades culturais, do 7.05.07, conformado polo xefe do Departamento de Cultura, o concelleiro da Área de Asuntos Sociais e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Outorgar unha subvención de 70.000 Euros (setenta mil euros) á Fundación Laxeiro con CIF: G36852358 para programación de actividades e funcionamento da Fundación durante o ano 2007 incluíndo gastos derivados da conservación das obras e incremento da actividade, con cargo á partida 4510.489.00.01 (“Fundación Laxeiro”) do vixente presuposto municipal prorrogado no ano en curso.

Segundo.- A tramitación da subvención á Fundación Laxeiro realizarase de acordo coas seguintes condicións:

1. Forma de pagamento.-

O Concello de Vigo xestionará o pagamento á Fundación Laxeiro o importe da subvención outorgada polo Concello de Vigo, para as actividades e funcionamento do ano 2007 a través de transferencia bancaria do seguinte xeito:

- unha primeira parte, ata un máximo do 50% do total da subvención, tralo outorgamento da subvención pola Comisión de Goberno
- unha segunda parte, ata un máximo do 25% do total da subvención, durante o mes de outubro e
- unha terceira parte, polo resto da subvención concedida trala aprobación da memoria-avaliación por parte do Concelleiro-delegado da área de Asuntos Sociais, despois dos informes técnicos necesarios.

2. Documentación para tramitalos pagamentos.-

Para o trámite dos pagamentos da subvención a Fundación Laxeiro deberá achegala seguinte documentación:

- a) Solicitud de pagamento de cada unha das partes da subvención (presentarase no Rexistro Xeral do Concello de Vigo).
- b) Informe sobre as actividades realizadas e sobre funcionamento da Fundación relativo cada un dos períodos antes citados, acompañado das facturas orixinais correspondentes á contía da que se solicita pagamento.

3. Liquidación da subvención.-

Para a liquidación do último pagamento da subvención presentarase a seguinte documentación antes do 5 de decembro de 2007:

- Solicitud polo Rexistro Xeral de liquidación da subvención concedida.
- Memoria-avaliación do programa de actividades e funcionamento da Fundación Laxeiro, que deberá incluír como mínimo os seguintes datos:
- Datos sobre os participantes nas actividades. (Número e perfil dos asistentes a cada unha das actividades do programa).
- Memoria de prensa.
- Relación definitiva de ingresos e gastos, clasificada por actividade ou grupo de actividades e por funcionamento; especificando: concepto, acreedor e gasto.
- Detalle do balance económico das actividades e funcionamento. Gastos.- Facturas orixinais polo importe subvencionado e fotocopia compulsada de facturas polo resto do presuposto de gastos. Ingresos.- Detalle das contías ingresadas por tódolos tipos de conceptos: contías das subvencións recibidas de institucións; achegas económicas doutros patrocinadores; vendas de publicacións, cotas de matrículas, etc. ingresos diversos, contías e procedencia.

Con cada solicitud de pagamento a Fundación presentará dez (10) exemplares do material que edite ou produza. No caso de que non se editara material para algunha actividade deberá indicarse, expresamente, este extremo.

As facturas aportadas pola Fundación deberán reunir os requisitos e condicións esixidas polo RD 14096/2003, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.

A liquidación do pagamento da subvención está condicionado a aprobación de memoria anual por parte do Concelleiro-delegado do Área de Asuntos Sociais, despois dos informes técnicos necesarios.

A subvención que outorga o Concello de Vigo á Fundación Laxeiro para o desenvolvemento da súa actividade e funcionamento axustarase ao establecido na Lei Xeral de Subvencións (38/2003, de 17 de novembro, BOE 18 de novembro de 2003), particularmente en canto ao previsto sobre xustificación ou reintegros, se procederan. A

concesión da subvención directa á Fundación Laxeiro axústase ao previsto no art. 22.2. da Lei Xeral de Subvencións, es especial polo interés público e social que supón para a cidade de Vigo a conservación do seu patrimonio artístico a través da Fundación, así como a promoción, fomento e difusión da obra de Laxeiro.

Terceiro.- A Fundación Laxeiro está promovida polo Concello de Vigo e máis pola familia do pintor Laxeiro (acordos do Pleno da Corporación Municipal de data 2 de marzo de 1998 e do 26 de xuño de 1998); ademais, a presidencia correspóndelle o Alcalde de Vigo ou persoa na que delegue, na dotación inicial da Fundación Laxeiro inclúese o depósito de 62 obras de Laxeiro de titularidade municipal e a cesión de dereitos sobre elas, a sede de Fundación está na planta terceira da Casa das Artes, edificio de titularidade municipal. A Fundación Laxeiro queda obrigada ó cumprimento das seguintes condicións xerais:

1.- Facilitar ao departamento de Cultura e ao principio de cada exercicio económico unha copia da póliza de seguro dos bens incluídos na planta terceira da Casa das Artes; na que o Concello de Vigo deberá figurar como beneficiario das 62 obras de Laxeiro das que é propietario e que ten cedidas en depósito á Fundación.

2.- Facilitar ao departamento de Cultura unha copia do contrato de vixilancia, que establezan coa empresa de seguridade que preste servizos no resto das dependencias municipais da Casa das Artes.

3.- Relacionarse coa Unidade de Cultura do Concello de Vigo en todo o relacionado coas achegas municipais, o desenvolvemento das actividades da Fundación e o funcionamento na Casa das Artes. Especialmente a Fundación obrígase a informar puntualmente ao Departamento de Cultura do Concello de Vigo e con antelación sobre a programación prevista, para incluíla na difusión da programación.

4.- Dende o principio de autonomía de programación que lle corresponde á Fundación, comunicará á concellería e departamento de Cultura as súas previsións, para evitar duplicidades nos programas e coordinar o calendario de actividades.

5.- Informe sobre os fondos municipais cedidos á Fundación, préstamos, conservación, itinerancias, etc, e sobre a xestión dos dereitos tamén cedidos.

6.- Informe sobre a actividade do Padroado da Fundación: cambios na súa composición, copias das actas das sesións, etc.”.

48(897).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e trinta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O CONCELLEIRO-SECRETARIO
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Ignacio López-Chaves Castro.